



Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios
e da Rede Galega de Salas

Nº 3 / XANEIRO 2008

Quico Cadaval

A vida como un conto

Unha tarde en Ribeira co polifacético creador

Galitoon

Xogando a imaxinar

Daniel Abreu

Fundido a *Negro*

**ENTRE
O TEATRO**

Rocío González | Xúlio Abonjo

Víctor Mosqueira | María Bouzas

E A TELEVISIÓN



www.culturavai.info

PARAÍSO reflicte, neste primeiro número de 2008, a actividade do período anual de programación máis extenso da Rede Galega de Teatros e Auditorios, o circuío de distribución escénica que promove a Consellaría de Cultura e Deporte, a través do IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais), en colaboración con 45 concellos e entidades galegas coa finalidade de lles brindar aos espectadores unha variada oferta de teatro, danza, maxia e música de cámara. Ademais, e como novidade, queda incorporada a partir de agora a *PARAÍSO* a programación específica dos catro recintos escénicos de titularidade privada que integran a Rede Galega de Salas: Teatro del Andamio (A Coruña), Sala Nasa (Santiago de Compostela), Teatro Ensalle (Vigo) e Teatro Arte Livre (Vigo).

As cifras falan por si mesmas: estamos, sumando as dúas redes, ante un total de 794 funcións a cargo de 128 compañías –102 galegas–, que amosarán ao longo deste período nada menos que 143 espectáculos, a meirande parte deles de teatro. Revalídase unha vez máis unha programación que constitúe o principal circuío de distribución das propostas escénicas profesionais galegas, e que volve atopar, nesta nova entrega de *PARAÍSO*, a súa principal ferramenta de promoción, nun intento por transcender a mera enumeración de funcións no tempo e no espazo para pousar a mirada máis paseniñamente nalgunhas das propostas das que poderemos gozar ao longo dos vindeiros meses e nos seus protagonistas.

Así, este *PARAÍSO* comeza botando unha ollada á traxectoria de dúas compañías senlleiras no teatro galego, como son Teatro do Atlántico, da man do seu director e fundador Xúlio Lago; e Talía Teatro, nun percorrido polos seus 20 anos de traballo. Con orixes e camiños ben diferentes, os dous grupos chegan ao mesmo fin, que é o de ocupar boa parte dos teatros galegos coas súas montaxes. Completa o apartado de teatro unha visita á factoría Galitoon, onde se cocen intensa e concienciadamente novos aires para o teatro de marionetas galego.

As páxinas de danza ocúpanas outros dous pratos fortes: a frescura de *Negro*, a proposta coreográfica de Daniel Abreu realizada en coprodución co Centro Coreográfico Galego; e unha aproximación e recoñecemento a unha das principais compañías precursoras do actual panorama da danza en Galicia: a compostelá BStudio.

E entre o teatro e a danza, tres invitacións máis ao lector: unha viaxe á Barbanza co sempre locuaz Quico Cadaval, o resultado do xogo escénico no que complicamos dúas actrices (María Bouzas e Rocío González) e dous actores (Víctor L. Mosqueira e Xúlio Abonjo), todos eles populares por seren habituais tanto do teatro como da televisión, así como un achegamento á maxia de Kiko Pastur, con escola de magos incluída.

Como remate, *PARAÍSO* abre unha nova sección, que terá continuidade nos próximos números, e desde a que se abordará o traballo que os promotores e xestores culturais realizan desde as súas respectivas sedes escénicas. Nesta primeira incursión, entramos no Pazo da Cultura do Concello de Carballo a través do equipo humano que fai posible día a día o seu funcionamento.

E todo isto, complementado coas visións externas e persoais que achegan os comentarios de dous expertos na actividade escénica galega: Víctor López Carbajales en teatro e Beatriz Bravo en danza.

PARAÍSO é unha revista de información e promoción das actividades da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas que se distribúe de xeito gratuíto en espazos escénicos galegos.

EDITA: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais. Consellaría de Cultura e Deporte.

PRESIDENTA: Ánxela Bugallo Rodríguez.

VICEPRESIDENTE: Luís Bará Torres.

XERENTE: Miguel Martín Fernández.

CONSELLO DE REDACCIÓN: Marcelina Calvo, María Paredes, Ana Rosales.

COORDINACIÓN: Área de Comunicación do IGAEM.

TEXTOS: Noelia Hermida, Ana Rosales, Ana Miragaya.

COLABORAN NESTE NÚMERO: Víctor López Carbajales, Beatriz Bravo.

REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Ramiro Combo.

FOTOGRAFÍAS: Ovidio Aldegunde, Uqui Permui, cesións de compañías e arquivo do IGAEM.

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Uqui IIII Cebra.

Impresión: Litonor. Tiraxe: 9.000 exemplares.

I.S.S.N.: 1887-8164 / D.L.: C 963-2007

Teatro do Atlántico
O plus da experiencia 4-7

Talía Teatro
Da afección á profesión 8-11

ENTRE O TEATRO
Víctor Mosqueira | Rocío González | Xúlio Abonjo | María Bouzas
E A TELEVISIÓN 12-17

ENTREVISTA Quico Cadaval 18-22

COMENTARIO
Víctor López Carbajales: *Coa esperanza de apaixonar 23*

PROGRAMACIÓN xaneiro-xuño o8 25-32

Galitoon
Xogando a imaxinar 34-37

A maxia para emocionar
de Kiko Pastur 40-41

Daniel Abreu
Fundido a Negro 43-45

BStudio
Danza en feminino 46-47

COMENTARIO Beatriz Bravo: Ao ritmo da experimentación 48

Carballo, capital escénica 49-51

Breves / Dende o paraíso 52-53



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM

instituto galego
das artes escénicas
e musicais

IGAEM Rúa da Vesada s/n.
San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28. Fax: 981 577 127
igaem@xunta.es / www.igaem.xunta.es



A BOMBILLA MÁXICA

Teatro do Atlántico

Autor: Woody Allen / Dirección: Xúlio Lago
Elenco: Manu Fernández, Daniel Lago, María Barcala, Dami Contreras, Lucía Regueiro e Gonzalo M. Uriarte
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Un Woody Allen insólito, desenvolvendo un rexistro absolutamente imprevisible nel, preséntanos un texto de moi alta calidade, como non podería ser doutra maneira, no que nos mostra o difícil mundo da adolescencia e da vellez, das relacións de parella, o mundo da maxia cunha gran dose do seu humor e personalizado na familia Pollack.



A LINGUA DAS BOLBORETAS

Teatro del Andamio

Autor: Manuel Rivas / Dirección: Tatiana Likhacheva
Elenco: Álvaro Guevara e Manu Clavijo
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

A lingua das bolboretas narra os feitos que aconteceron na primavera de 1936 ata o día en que estala a Guerra Civil nunha pequena aldea galega. Moncho, un neno de seis anos, iníciase na amizade, no saber e no descubrimento dos misterios da vida. A través da súa mirada inocente, e axudados pola mirada máis madura do bondadoso mestre don Gregorio, introducímonos no ambiente familiar, social e político da aldea, ata o momento da gran ruptura final.

+info.en: www.teatrodelandamio.com



A MIRADA DE PIER

Nut Teatro

Autor: Nut Teatro / Dirección: Carlos Neira
Elenco: Arantza Vilar, Iria Sobrado, Nerea Barros e Xiana Carracelas / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Unha muller descobre os fíos do desexo a través duns zapatos que só se poden mercar en París e decide penetrar nesta nova dimensión. Do cine, da arte e da literatura, extraemos os conflitos que xera o desexo, despersonalizándoos e universalizándoos, creando unha historia de ficción crible e real. O espazo escénico, sonoro, lumínico e textual non se fai visible ata que as actrices, protagonistas absolutas, interveñen en escena xerando niveis de ficción. Desfacémonos das personaxes pero non da ficción, pois é o pretexto.

+info.en: www.nutteatro.es

TEATRO DO ATLÁNTICO É UNHA COMPAÑÍA DE LONGA TRAXECTORIA EN GALICIA QUE VAI CAMIÑO DE CUMPRIR O CUARTO DE SÉCULO SOBRE OS ESCENARIOS. GARDA TRAS DE SI UN COIDADADO TRABALLO E MOITO ESFORZO, E UNHA FORMA DE ENTENDER O TEATRO QUE VAI MÁIS ALÁ DA SUPERFICIALIDADE. COA EXPERIENCIA QUE CONCEDE A MADUREZ PROFESIONAL, O SEU DIRECTOR, XÚLIO LAGO, DESVÉLANOS QUE TANTO ANTES COMO AGORA O SEU XEITO DE FACER TEATRO PRECISA DE TRES INGREDIENTES BÁSICOS: UNHA BOA INTERPRETACIÓN ACTORAL, UN TEXTO DE CALIDADE E UNHA POSTA EN ESCENA COIDADADA AO DETALLE. LAGO, TAN CONCIENCIADO E PERFECCIONISTA COMO –O QUE É MENOS USUAL– CONSECUENTE E AUTOCRÍTICO, REPASA O CAMIÑO QUE TROUXO A COMPAÑÍA ATA AQUÍ.

TEATRO DO ATLÁNTICO

O carné de identidade da compañía artística Teatro do Atlántico diría algo así: que é natural de Culleredo, na provincia da Coruña; que asume a súa paternidade Xúlio Lago Alonso; e que, como data de nacemento, figura o ano 1985. Neste recentemente estreado 2008, Teatro do Atlántico cumpre, polo tanto, 23 anos.

Estamos ante unha das compañías teatrais máis veteranas de Galicia que leva ás súas costas tantos espectáculos como anos cumpre, e que en todo este tempo, que é moito, é moito tamén o que lle

leva demostrado e achegado ao panorama teatral galego.

Acudimos onda o seu pai, o recoñecido director e actor teatral Xúlio Lago, e con el repasamos como foi o camiño para chegar ata aquí, que, segundo nos confesa, non lle produce sensación de vertixe, pero si certa “sorpresa” e “un efecto de milagre” por acadar estes 23 anos de continuidade na profesión, facendo deste proxecto unha empresa sólida e consolidada.

“Miro cara atrás e non sei como chegamos ata aquí”, afirma o director. “Dí-


gome: ‘non é posible, debemos quedar no camiño hai moitos anos’, por iso creo que chegamos un pouco de milagre –asegura–. Non é vertixe a palabra, un pouco é a consecuencia de que un quixo ou quere continuar estando neste oficio e manter unha estrutura na que poder facer o tipo de teatro que quere. Isto prodúceme sorpresa, pero tamén digo: ‘pois menos mal que estamos aquí’”.

En cada espectáculo que leva asinado en todo este tempo, Teatro do Atlántico ten demostrado que todos eles están construídos sobre un piar fundamental

XÚLIO LAGO

DIRECTOR DA COMPAÑÍA

O PLUS DA EXPERIENCIA



que é a interpretación actoral, apoiada en textos dunha gran calidade literaria e riqueza formal e cunha posta en escena coidada ata o mínimo detalle. O seu teatro busca ir máis alá do anecdótico e superficial e recorre a aqueles autores que considera máis comprometidos co seu tempo, para dotar de interese temático cada unha das súas representacións, no seu propósito de facer espectáculos dun alto nivel de calidade non só polo seu rigor en escena, senón pola súa capacidade de conmover, comunicar e contar historias interesantes, humana e socialmente.

“CREO QUE CHEGAMOS UN POUCO DE MILAGRE. NON É VERTIXE A PALABRA, UN POUCO É A CONSECUENCIA DE QUE UN QUIXO OU QUERE CONTINUAR ESTANDO NESTE OFICIO E MANTER UNHA ESTRUCTURA NA QUE PODER FACER O TIPO DE TEATRO QUE QUERE”

Xúlio Lago é o responsable desa “difícil” e “nada casual” escolla do texto do que se extraerá o guión da obra teatral no que han de estar os valores dramáticos, os temas que máis atractivos poidan resultar para levar ás táboas.

“A escolla apóiase na observación de comportamentos humanos en relación con temas tan dispares como o amor, a política, a avaricia, o poder... En calquera caso dá igual o mundo temático que aborde porque non interesa o divertimento en si mesmo, senón ter algo que comunicarlle ao espectador, algo que conmova,



ANFITRIÓN OU E TI, QUEN VÉS SENDO?

Talía Teatro

Autor: Cándido Pazó / Dirección: Cándido Pazó
Elenco: Toño Casais, Artur Trillo, David Creus, Dani Trillo, Marta Ríos, Rosi Barcala, María Ordóñez, Diego Rey, Gustavo G. Dieste e Xurxo Barcala / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Que pasaría se, de súpeto, alguén ocupase o teu lugar na vida? Pero non alguén en xeral, senón unha copia exacta de ti mesmo, que coñece ata os máis íntimos detalles da túa vida. Como demostrar que un mesmo é o “auténtico” cando o “outro” é idéntico a un mesmo? Este é o arranque da peripécia do *Anfitrión*, de Plauto, revisitada en clave actual por Cándido Pazó. Anfitrión e o seu escravo Sosia son suplantados polos deuses Xúpiter e Mercurio mentres están na guerra. O motivo deste engano é o desexo amoroso de Xúpiter por Alcmena, a muller de Anfitrión.



A PORTA PECHADA

Andrómena Teatro

Autor: Jean Paul Sartre / Dirección: Matilde Blanco
Elenco: José Antonio Jiménez, Fely Manzano, Miguel Abalo, Matilde Blanco / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

A través dun estraño inferno sen díaños nin lume, Sartre expón, con turbadora violencia, a súa visión das relacións humanas. Os tres personaxes da obra atópanse pechados nun cuarto, que será xustamente o seu inferno, porque están condenados a permanecer sempre xuntos. O inferno, para cada un, son os outros. Mestúrase o máis puro teatro cunha montaxe audiovisual, para que o espectador poida ser testemuña directa do que pasa pola cabeza dos personaxes.



ARTE

Fulano, Mengano e Citano

Autora: Yasmina Reza / Dirección: Celso Parada
Elenco: Manuel Álvarez, Xosé M. López Conde e Manuel Pombal / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Serxio acaba de mercar un cadro totalmente branco que lle custou unha morea de cartos. O seu amigo Marcos, que odia a arte moderna, non comprende que a alguén se lle poida ocorrer pagar por “semellante trapallada”. Entón intervéñ Iván, o terceiro en discordia, que intenta mediar entre ambos os dous pero acaba metido no enredo. Humor ácido e brillante para amosarnos curiosas actitudes ante a vida.

+info. en: <http://www.fulanomengancitano>



AS ÚLTIMAS LÚAS

Lagarta, Lagarta

Autor: Furio Bordon / Dirección: Xúlio Lago
Elenco: Ernesto Chao, Rosa Álvarez e Artur Trillo
Xénero: Teatro adultos/Drama

Teatro comprometido e divertido cun forte compromiso humano e social que se atreve a intentar, cunha intensa carga de delicado humor e tenrura, unha mirada seria e serena sobre aqueles pasos tan fundamentais na vida como son a senectude e a morte, e que deixa caer sobre o espectador algúns interrogantes sobre que lugar ocupan “os vellos” na sociedade, que espazo lles permite ocupar esta sociedade e que poden facer “os vellos” consigo mesmos nunha paisaxe humana e social en que se lles fai sentir como un estorbo.



CANTANDO BAJO LAS BALAS

K Producciones

Autor: Antonio Álamo / Dirección: Álvaro Lavín
Elenco: Adolfo Fernández e o pianista Mariano Marín
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Cantando bajo las balas é a crónica –en clave cómica e musical– do primeiro acto oficial franquista da historia, que tivo lugar o 12 de outubro de 1936 no Paraninfo da Universidade de Salamanca, narrada polo cadáver invicto do xeneral José Millán Astray, fundador da Lexión.

+info.en: www.kproducciones.com



COMIDA CHINESA

Teatro do Adro

Autor: Pedro Ángel Ramos García / Dirección: Lino Braxe
Elenco: Josito Porto e Mónica García / Xénero: Teatro adultos/Outros

Un violador e asasino en serie e a nai dunha das súas vítimas, xuntos nun apartamento. Ela foi a súa psiquiatra na prisión. El é o seu paciente favorito. Unha relación imposible e enfermiza. O amor e a vinganza. O desastre e a éxtase. A vida. *A morte e a doncela* ou *O silencio dos cordeiros*. Un traballo diferente para un actor e para unha actriz. Un autor novo. Para sempre un desafío. Un tema aínda nunca tratado no teatro feito en Galicia. Un combate dialéctico e físico a un só asalto. O soño da razón cría monstros de Goya. *Algún día morrerás, pero antes preciso coñecer algo da túa alma* (anónimo do século XIV).



que inquiete, que faga reflexionar e debater asuntos que teñan que ver coa vida”, explica.

Con maior ou menor atino, como confesa o director, son moitos e moi diversos os títulos e autores ligados á traxectoria desta compañía. En palabras do propio Xúlio Lago, emblemáticos foron algúns como *A noite das tribades*, de Per Olov Enquist, merecedor de catro premios María Casares en 1997; un retrato dunha figura fundamental na dramaturxia contemporánea como é Strindberg, que indaga nos seus complexos e debilidades.

O director cualifica como espectáculos que son un “referente” dun tipo de traballo que fai a compañía *O encoro*, de Conor McPherson, e a *A raíña da beleza de Leenane*, de Martin McDonagh, que interpretaron nos anos 2004 e 2006. E, de igual xeito, tamén *A Xoana* (1985), de Manuel Lourenzo, que considera “un referente de texto e de estilo de posta en escena”.

A maravillosa historia de Marly, a vampira de Vila de Cruces (1986), de Carlos Queiroz, tamén é salientable para o director tanto pola temática como pola interpretación. Lago recorda, ademais, títulos como *Ocasos* (1991), de Manuel Lourenzo, no que María Barcala interpretaba a Clitemnestra de Magueritte Yourcenar, por ser “un espectáculo de referencia importante” para el.

“Todos teñen que ver coa paixón, co amor, coa relación do individuo coa súa

sociedade e coa nosa condición de fráxiles criaturas sometidas aos vaivéns da paixón ou das emocións”, resume o director.

Porén, nestas dúas décadas de traballo tamén hai lugar para os fracasos. “Claro que hai fracasos, iso está sempre aí”, reconece Lago. “Ademais dos espectáculos cos que supostamente acertas ou non, está o fracaso da función, da representación, porque hai días en que aquilo

non se comunica, e iso pasa intermitentemente. Pero o fracaso é parte da circunstancia da compañía e do teatro en xeral”, dinos.

Entre eses títulos en que, ao seu xuízo, algo fallou, *Vellos tempos* (1998), un espectáculo sobre un texto de Harold Pinter, é, en opinión do director, “unha desas sensacións de fracaso no sentido de que non se conseguiu apropiarse do conflito profundo que hai na historia, non se



Dúas escenas de *A bombilla máxica*, última produción de Teatro do Atlántico



logrou que as actrices e os actores encarnasen profundamente aqueles seres e que os públicos dialogasen co espectáculo e saísen conmovidos, interesados, que aquilo significase algo para eles”.

Parte dese cometido de saberse responsable do éxito dunha obra está na figura do director, e no caso de Xúlio Lago á fronte de Teatro do Atlántico o compromiso é total.

“NON INTERESA O DIVERTIMENTO EN SI MESMO, SENÓN TER ALGO QUE COMUNICARLLE AO ESPECTADOR, ALGO QUE CONMOVA, QUE INQUIETE, QUE FAGA REFLEXIONAR E DEBATER ASUNTOS QUE TEÑAN QUE VER COA VIDA”

“Eu son o intermediario entre o papel e o patio de butacas. Contribúo a que as tramas que autores como Lorca, Sinistera, Ibsen... constrúen cunha solidez inmensa reciban vida”, alega. “Achego da miña parte un criterio estético desde a iluminación ou desde a composición en escena; pero, fundamentalmente, trátase de que aquilo que está no papel cobre vida no escenario a través dos actores, sometidos a unha presión sen ningún tipo de amabilidade por parte do director, ata que sexan quen de encarnar aquilo que o autor creou”, subliña.

Ao redor de cada un dos seus espectáculos hai unha coidada posta en escena da que a compañía fai gala e exemplo.

“Eu non teño empeño en facer espazos realistas; si teño empeño en non introducir elementos que distraian, anecdóticos, que, por ese afán de ser modernos, ás veces fagan que os espectáculos se dispersen do seu sentido principal”, explica Lago.

A actriz María Barcala e os actores Marcos Vieites e Gonzalo Uriarte, xunto a Antonio F. Simón na escenografía, ou Nani García e Rodrigo Romaní no apartado musical, ademais de Xosé Manuel Pazos, Cándido Pazó ou Avelino González na tradución e adaptación, son, con outros máis, algúns nomes “reincidentes” nesta compañía.

Teatro do Atlántico seguirá cumprindo anos, paseniñamente, como ata agora, pero xa cunha experiencia e unha madurez propias da idade adulta.

Así o expón o seu director: “Que a compañía teña 23 anos de actividade? Iso non me pesa. Pésame cada espectáculo, aí é onde está a carga de responsabilidade. Que a xente que vai ver, por exemplo, *A bombilla máxima*, a nosa última montaxe, non poida dicir: ‘teatro galego’, despectivamente”.



EMIGRADOS

Teatro de Ningures

Autores: X. M. Pazos, Suso de Toro, Anxos Sumai, Sonia Torre e Cándido Pazó / Dirección: Etelvino Vázquez
Elenco: Casilda García, Sonia Rúa, Mónica Camaño, Santiago Cortegoso, Fran Paredes e Salvador del Río
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

En *Emigrados* decidímonos por unha historia múltiple que, engarzada, constitúe un mosaico de pezas de distintos autores e autoras que, unha por unha, dende o tratamento específico da emigración, da inmigración, do retorno, do desenraizamento, compoñen un cadro xeral que permite apreciar nidiamente o drama individual e social que supón estoutro xeito de “exilio”.



EN LA SOLEDAD DE LOS CAMPOS DE ALGODÓN

Cámara Negra Teatro

Autor: Bernard-Marie Koltés / Dirección: Carlos Álvarez-Osorio / Elenco: Alfredo Padilla e Carlos Álvarez-Osorio
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Dous actores, cara a cara, encarnan un dos textos chave da dramaturxia francesa de finais do século XX. Un duelo de palabras en que cada un asume un rol diferente e oposto: un inmigrante e un europeo. E xorde o conflito... Como comunicarse co outro? Como aceptar a súa diferenza? É posible o diálogo nun mundo con tantas diferenzas? O intervalo entre a palabra e a violencia? Chamada de atención ante a necesidade urxente de establecer a comunicación entre homes e sociedades para evitar as fisuras sociais, económicas e culturais do século XXI.

+info. en: www.camaranegra.org



ESTORAQUE, O INDIANO

Artesán Teatro

Autor: Eduardo Blanco Amor / Dirección: Juan de Mondego / Elenco: Isabel Vázquez, Julio Corredoyra, Dolores Martínez, Juan de Mondego, Antonio Hidalgo, Alejandro Alonso, José Fernández, Libertad Barral, Rus Fernández Moro, Juan Abad e José Luis de la Cuesta
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Noite de festa na vila. Ao remate da verbena, Juan Pantera reclámalle a Contempla palabras de amor, pero ela, máis interesada nos cartos do indiano Estoraque, afánase en conquistalo.

+info. en: <http://www.teatroartesanano.com>





EXTRANJEROS

Cambaleo Teatro S.L.

Autor: Carlos Sarrió / Dirección: Carlos Sarrió
Elenco: Antonio Sarrió, Arsenio Jiménez, Begoña Crespo,
Julio C. García e Carlos Sarrió / Xénero: Teatro
adultos/Contemporáneo

Extranjeros quiere mostrar o paradoxo de que non é necesariamente estranxeiro o que vive nun país extraño. Hai outras fronteiras e non aparecen nos mapas. Na obra fálase de Cioran, das viaxes, de *O Estranxeiro*, de Albert Camus; da civilización, de Deus, das parvadas, de que as cousas son inevitables, da morte, dos psicópatas..., cunha linguaxe sinxela e directa, tratando de achegar novas ideas e preguntas á percepción que temos da nosa propia vida.

+info. en: www.cambaleo.com



EXTRARRADIOS (COMEDIA DAS MULLERES DESAMPARADAS)

Teatro do Noroeste

Autor: Eduardo Alonso / Dirección: Eduardo Alonso
Elenco: Victoria Pérez Varela, Luma Gómez
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Comedia urbana, aínda que marxinal, sobre o frutífero encontro de dúas mulleres singulares, unha mendiga chegada ao punto de maior degradación, e unha puta de estrada barata e acabada, que disputan o seu espazo vital, a parada abandonada do bus 108. Nos límites imprecisos da cidade, e posiblemente tamén da realidade, móvense estes personaxes que, a pesar da súa lateralidade, manteñen o seu dereito a ser felices.

+info. en: <http://www.teatrodonoeste.com>



FLORES MIGRATORIAS

Teatro D2

Autores: Diego Freire, Manu Lago, Teresa de la Hera e Fran Riveiro / Dirección: Teresa de la Hera
Elenco: Diego Freire, Fran Riveiro, Manu Lago
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

“Resulta que agora quero a quen me quixo e decidín non querer. Acho de menos a pel de galiña, a gargallada sincera. Agora sorrio cando ulo os teus pasos. Non é a miña sombra a que te acompaña. Xusto aí, no teu regazo, é onde quixera perderme contigo. A felicidade: nunca agora, sempre antes. Pecho os ollos e por un segundo o meu arredor é perfecto. Atrapémolo, sintámolo”.

+info. en: <http://teatrod2.wordpress.com>



ESTÁ DE ANIVERSARIO. CUMPRE VINTE ANOS ENRIBA DOS ESCENARIOS, ONDE NACEU CON VOCACIÓN DE CHEGAR MOI LONXE, MOITO MÁIS ALÁ DA SÚA VILA NATAL, CEE. REPASAMOS EN VINTE INSTANTÁNEAS OS SEUS MELLORES MOMENTOS. O SEU DIRECTOR, ARTUR TRILLO, ÁBRENOS O ÁLBUM DE FOTOS E DE RECORDOS.

DA AFECCIÓN Á PROFESIÓN

Talía Teatro naceu en 1988, cando algúns dos que agora forman parte do seu equipo eran aínda uns rapaces. Naceu do xeito en que hoxe en día o fan tantos grupos teatrais, entre a xuventude, ao abeiro dunha asociación cultural e como resultado da suma de afeccións e inquietudes polo teatro. No seu concello, en Cee, aquelas vocacións temperás pola escena axiña comezaron a centralizar parte da actividade cultural da vila, vencelladas á Asociación Cultural Domingo Antonio de Andrade, que, un tempo despois, para dar saída a tan forte aposta por ese teatro emerxente, se converteu na entidade organizadora da emblemática Mostra de Teatro de Cee.

Talía superou a maioría de idade e ten hoxe 20 anos. Na compañía mantense ese espírito de amor polo teatro, o que a guiou no camiño ata ser todo un colectivo profesional con varios espectáculos programados neste 2008 na Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Nesta longa carreira hai unha persoa que foi a súa *alma mater* no camiño: o seu director e fundador, Artur Trillo. Tiña 19 anos cando a compañía era un proxecto, mentres que tan só 11 contaba Toño Casais, actor daquela do grupo infantil, que foi o outro pilar importante da sociedade.

“Para min o balance é moi positivo e atractivo á vez, non pola actividade teatral feita ata agora, senón pola sensación de mirar

cara atrás e pensar que xa pasaron vinte anos que resultaron ser chave na túa vida, dende a xuventude ata facer disto unha forma de vivir”, confesa Artur Trillo.

As súas palabras denotan os anos dedicados á compañía, que medrou con el e á cal, en certo modo, lle conferiu a súa forma de entender o teatro e a paixón pola profesión. “Traballei sen darme conta, iso é o máis bonito de todo: que traballei gozando e, sobre todo, non sei onde acaba a profesión e non sei onde empeza a afección”, comenta o actor para expresar o seu compromiso co traballo. “Metinme nun mundo en que, para min, ir traballar non supón un esforzo”, recoñece. “Cando comezamos, o traballo ía comigo día e noite, –lembra–; estaba moi implicado, ata o punto de que me levantaba pensando en teatro e me deitaba pensando en teatro. Rozaba a obsesión, pero é que estaba moi entregado ao grupo”.

Paseniñamente e sen ambición por despuntar, segundo recorda, a compañía foi producindo as súas primeiras montaxes sen metas a curto prazo nin intención de transcender, senón por mera diversión, valorando os resultados sempre segundo o grao de aprendizaxe e divertimento, para eles mesmos e tamén para o público.

Ata chegar aquí. Talía Teatro deixa tras de si preto de 26 espectáculos, unha listaxe que inaugurou en 1988 con *O rei aborre-*

cido, de Xesús Pisón, e que remata coa montaxe *Anfitrión ou E ti, quen vés sendo?*, que estrea este ano.

A súa traxectoria supuxo un constante proceso de aprendizaxe, unha carreira de fondo por se converter en compañía profesional. “Demos o salto profesional case sen darnos conta, foi unha evolución moi paulatina”, salienta Artur Trillo.

A secreta obscenidade de cada día, de M. A. de la Parra, que levaron a escena en 1996, foi unha obra que, dalgún xeito, supuxo ese ascenso de categoría para o grupo. Esa progresión cara á profesionalización non marcou ningunha fronteira no seu percorrido, pero si trouxo certos cambios, especialmente no que a estética e escenografía se refire. O director explica así: “Entre *Ai, Carmela!*, de J. Sanchís Sinisterra, e *A secreta obscenidade de cada día*, que é profesional, non hai diferenzas no que é o desenvolvemento da compañía. Pero si que hai un cambio fundamental nos traballos, na presentación dos espectáculos, que ao principio eran máis *chapuzas*”.

As colaboracións con outros artistas foron a mellor referencia para propiciar o cambio. A este respecto, Artur Trillo lembra como determinante a obra *Marsal, Marsal*, de J. Sanchís Sinisterra, que en 1998 lles dirixiu Xúlio Lago.

Talía foi gañando, á fin, en operatividade, en calidade, foi perdendo inocencia abríndose a novas posibilidades.

Textos de Sinisterra, Benedetti, Arrabal, Woody Allen, Roberto Salgueiro ou Cándido Pazó teñen composto o seu repertorio artístico, ao que hai que engadir, a partir de 2000, a creación de espectáculos de teatro infantil, como “un reto por explo-



HENDAYA, MON AMOUR

Bacana

Autor: Xúlio Abonjo / Dirección: Xúlio Abonjo
Elenco: César Goldi e Xúlio Abonjo / Xénero: Teatro adultos/Comedia

O 23 de outubro de 1940 no punto límite entre as conquistas militares do III Aich en España tivo lugar un encontro. *Hendaya, mon amour* conta en clave de comedia musical o encontro entre Adolfo the Hit “Fito”, o Führor do III Aich e Francisco Frango “Paco”, el Claudillo de España. Un musical que navega por diferentes estilos musicais: twist, hip hop, balada romántica, copla, pop. A meirande historia de amor endexamais contada. Unha comedia na que o amor acaba co fascismo. Un musical Made in Bacana.

+info. en: www.bacana.es



HUMOR NEGRO

Abada Teatro - Carlos Blanco

Autor: Carlos Blanco / Dirección: Carlos Blanco
Elenco: Carlos Blanco e Manecas Costa
Xénero: Teatro adultos/Musical

Humor negro. Como a fame. Humor con gheada. Humor negro contra a fame, porque temos fame de humor. Sede de rir. Carlos Blanco e Manecas Costa. Branco e negro. Noite e día. Europa e África man a man. *Humor negro* non é un monólogo, é moito máis. É un diálogo entre Galicia e África. Un cómico galego (Carlos Blanco) e un músico guineano (Manecas Costa). Combinado con imaxes e realizado dun xeito distendido, feliz, entretido... Diso trata *Humor negro*. De avanzar.

+info. en: <http://www.abada.es>



IDE TODOS Ó INFERNO

Teatro Lope de Vigo

Autor: Julián Rodríguez Lobo / Dirección: Julián Rodríguez e Xosé Manuel Conde / Elenco: Marta Lado, Javier Octavio de Toledo e Julián Rodríguez / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Conta unha lenda milenaria que o Demo era o delegado sindical dunha empresa chamada Paraíso. Ocupaba o primeiro posto na liña de sucesión á presidencia desta multinacional. O tema é que o Creador do negocio escolleu o seu sucesor a dedo: o seu fillo (un rapaz sen currículo que con trinta e tres anos aínda vivía na casa da nai, levaba guedellas, ía ao traballo sen afeitar..., e saía cunha tal María Magdalena), que enchufou na empresa a todos os seus amigos menos a un tal Xudas. Despois desta inxustiza laboral, o demo dimitiu, fíxose autónomo e puxo a súa sede social nun baixo (baixando) con calefacción centralizada. Din que alí está como Deus.





KAMIKAZE

Pistacatro Productora de Soños

Autores: Pistacatro e Hernán Gené / Dirección: Hernán Gené / Elenco: Borja Fernandez, Pablo Reboleiro, Alfonso Medina, Manuel Lago, Natalia Outeiro, Antón Coucheiro e Xabier Mera / Xénero: Teatro adultos/Outros

A homenaxe pola morte do Sr. Kamikaze reúne os seus estraños camaradas nunha cerimonia que repiten solemnemente cada ano. Un tipo gris e aburrido chega alí de xeito accidental. Quen era este morto para merecer tantos honores? Por que despois da morte se celebra tanto a vida? Será que a vida é tamén unha kamikaze?

+info. en: www.pistacatro.com



LILI CAMALEÓN

B.B. Produccións

Autora: Blanca Cendán / Dirección: John Eastham / Elenco: Carlos Ariel, Suso Alonso e Blanca Cendán / Xénero: Cabaré

Blanca Cendán con Carlos Ariel ao violonchelo e Suso Alonso ao piano fannos viaxar na historia de Europa a través das melodías que marcaron o século XX. Unha historia chea de paixón, humor, traxedia e glamour que xa foi presentada en festivos internacionais (Mozambique, Croacia, Portugal). Sensualidade, frescura e calidade musical son os ingredientes deste cabaré camaleónico.

+info. en: <http://www.liliberlin.com>



LIONEL (O MALESTAR DO BENESTAR)

Casa Hamlet

Autor: Manuel Lourenzo / Dirección: Santiago Fernández / Elenco: Gloria Rico e Manuel Lourenzo / Xénero: Teatro adultos/Outros

Unha parella de profesores universitarios, Max e Rita, retíranse a unha casa no campo onde coñecerán unha nova vida non exenta de sorpresas, tanto no campo profesional como no amoroso.

rar novos mundos”, asegura Artur Trillo, autor dalgunha desas obras para o público máis novo, como *Menos lobos* (2000) ou *Eu así non xogo* (2003). De contidos sociais, cómicos, contemporáneos, que cheguen ao espectador, “potentes”, como el mesmo os cualifica, e sen unha estética definida... esas son as características que determinan as historias que Talía leva a escena. Foron moitas montaxes pero, de destacar unha, Trillo opta por *Soños dun seductor* (2000), de Woody Allen.

Artur Trillo, Toño Casais, María Ordóñez, Diego Rey, Gustavo G. Dieste, Marta Ríos, Rosi Barcala, David Creus, Dani Trillo, Xurxo Barcala e Carlos Alonso conforman hoxe o elenco de Talía Teatro. “Na compañía hai xente que ten moito talento e outra non tanto, somos un pouco irregulares nese sentido. Para min é fundamental que haxa unha empresa cohesionada, compenetrada, onde entren en valor outras variables como o cariño, o apego... somos como unha pequena familia”, confesa Trillo.

Segundo opina, cun nome xa recoñecido no panorama teatral galego, cambia a perspectiva. “Cando es afeccionado, trabállase sen esa presión porque pensas que lles corresponde aos grandes, pero a medida que te metes nese nivel nunca saes desa presión. Pero é unha presión necesaria, positiva, que te obriga a estar máis vivo”, di.

Talía Teatro ten moitos aniversarios máis que celebrar porque naceu para cumprir moitos anos sobre os escenarios, agora tamén na súa vertente de creación infantil, e cun futuro que pasa por pousar os ollos na conquista do público novo, tan novo como a propia compañía se sente.



TALÍA TEATRO (1988-2008)

1. *O rei aborrecido* (1988), de Xesús Pisón. O seu primeiro espectáculo.

2. *Gaivotas subterráneas* (1991), de Alfonso Vallejo.

3. *Aí, Carmela* (1993), de J. Sanchís Sinisterra. Un espectáculo que encamiña a compañía cara á súa profesionalización.

4. *T.W.C.* (1994), colectiva.

5. *Rezagados* (1995), de Ernesto Caballero.

6. *A secreta obscenidade de cada día* (1996), de M. A. de la Parra. A compañía é xa profesional. O cambio cara a formas máis coídas esteticamente é substancial.

7. *Retén* (1997), de Ernesto Caballero.

8. *Marsal, Marsal* (1998), de J. Sanchís Sinisterra. “Foi un salto de calidade que, de non contar con Xúlio Lago, igual faríamos anos despois, pero serviunos para ir mimando un pouquiño máis o que é a forza dos espectáculos”.

9. *Menos lobos* (2000), de Artur Trillo.

A compañía ábrese ao público infantil como “un reto por explorar novos mundos”.

10. *Soños dun seductor* (2000), de Woody Allen. Trae moi bos recordos. O resultado cara ao público foi soberbio; realizamos un montón de funcións e, a nivel escenográfico, foi moi potente (...), un espectáculo moi agradecido”.

11. *Dakota* (2001), de Jordi Galcerán.

12. *Supermáis* (2002), de J. M. Benet i Jornet.

13. *Bicos con lingua* (2003), VV.AA. Leva xa máis de 240 funcións e este ano estará de xira por Francia e Italia. “Foi un dos espectáculos que máis nos marcou porque nos deu un salto de calidade moi grande”.

14. *A paz do crepúsculo* (2003), de Itziar Pascual.

15. *Eu así non xogo* (2003), de Artur Trillo. Prosegue a súa aposta polo teatro infantil.

16. *Esperando a Godot* (2006), de Samuel Beckett. Tamén para recordar, pero neste caso, porque, a xuízo do director, “non tivo o éxito comercial esperado”.

17. *O merlo branco* (2006), de Cândido Pazó.

18. *Quero ser grande* (2007), VV.AA. Unha das súas últimas creacións para os máis cativos.

19. Artur Trillo.

20. Diego Rey (actor). *Unha peza da familia* de Talía.





6



7



9



12



16



19



8



14



15



18



11



10



13



17



20



MARGAR NO PAZO DO TEMPO

Sarabela Teatro

Autora: Ánxeles Cuña Bóveda / Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda / Elenco: Fernando Dacosta, Tito R. Asorey, Sabela Gago, Elena Seijo, Fina Calleja, Josito Porto e Nate Borrajo. Música: Yuri Sidar / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

En *Margar* estamos diante dunha comedia excitante, ategida de fantasía. Os personaxes van ser expresión do grotesco patetismo do xénero humano. O humor como elixir de eterna xuventude é antídoto contra o medo e o desasosiego, nas ás da desenfreada imaxinación do equipo de Sarabela. +info. en: www.sarabellateatro.com



MISERICORDIA

Teatro de Ningures

Autor: Benito Pérez Galdós / Dirección: Etelvino Vázquez Elenco: Casilda García, Mónica Camaño, Marián Bañobre, Sonia Rúa, Santiago Cortegoso, Fran Paredes, Paulo Serantes, Mundo Villalustre e Salvador del Río Xénero: Teatro adultos/Outros

Misericordia mergúllanos na “picaresca” a través dos personaxes das clases sociais máis desfavorecidas; retrátanos unha fidalguía ida a menos dende algúns séculos antes, pero que se empeña en vivir da aparencia e de lembranzas de grandeza. Fainos un bosquejo dunha nacente burguesía comercial inculta e insolidaria, e imprégnao todo cunha crítica aceda a un xeito de relixiosidade omnipresente, falsa e reaccionaria, que é bendicir e santificar a hipocrisía e a dobre moral.



NÁUFRAGOS

Teatro Galileo

Autor: André Roussin / Dirección: Pedro Rubín Elenco: César Cambeiro, Ana Santos, Fernando Morán e Raúl Varo / Xénero: Teatro adultos/Comedia

A acción desta comedia desenvólvese nunha illa deserta. Os catro personaxes do espectáculo o home, a muller, o amante desta e o cociñeiro dun barco) son levados ata alí por un naufraxio. Todos agardan que os rescaten, mais vai pasando o tempo e deciden establecer novas regras de convivencia, poñendo en cuestión, a través de diálogos cheos de humor, as relacións sentimentais.

+info. en: www.teatrogalileo.es



NON É TAN FÁCIL

Malasombra

Autor: Paco Mir / Dirección: Marcos Orsi
Elenco: Xoque Carvajal, Pablo Alvarado e Sandra Lesta
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Comedia escrita polo popular actor Paco Mir, con máis de 16 premios, entre eles o Max. A compañía Malasombra preséntanos a obra *Non é tan fácil*, que nos conta que é difícil romper unha relación de parella. Quique, tras sete anos de relación, quere deixar a súa noiva Andrea, pero non sabe como. Busca apoio e consello nun camareiro, Lucas, co que irá repasando un feixe de disparatados xeitos de romper a relación sen facerlle dano. Pero comprobarán que non é tan fácil.



NOVECENTO

Nunca +1

Autor: Alessandro Baricco / Dirección: Antón Ferrari
Elenco: Mighello Blanco / Xénero: Teatro adultos

1927. Tim Tooney, un rapaz de 17 anos embarca no Virginian, un transatlántico que fai a ruta entre Europa e América sempre cargado de xente. Uns poucos ricos e moitos emigrantes. Alí coñecerá un pianista que toca unha música inexplicable e cunha historia sorprendente... A última parte da obra resulta unha poesía ao desprendemento dos desexos como sistema para liberarnos das ataduras que nos fan tan difícil afrontar a morte.

+info. en: www.mighello.com



O AVARO

Teatro Galileo

Autor: Molière / Dirección: Pedro Rubín / Elenco: César Cambeiro, Raúl Varo, Teresa Horro, Xosé Baño "Tanas", Marita Martínez e Ana Santos / Xénero: Teatro adultos/Clásico

O avaro é considerada a peza máis importante de Molière, destacando pola mestura de escenas de carácter case dramático con escenas abertamente hilarantes e coloristas. Todo o esforzo creador do autor concéntrase na recreación do xeito de vida do personaxe principal, Harpagón, dominado polo pecado universal da avaricia. Esta cobiza obstinada do protagonista lévaa a enfrontarse aos seus fillos e estes convértense nun obstáculo para a realización dos seus apaixonados obxectivos.

+info. en: www.teatrogalileo.es

ENTRE O TEATRO Víctor Mosqueira | Rocío E A TELEVISIÓN

DÚAS ACTRICES E DOUS ACTORES, BOS COÑECEDORES DOS ESCENARIOS GALEGOS E COÑECIDOS DO GRAN PÚBLICO GRAZAS AOS SEUS TRABALLOS TELEVISIVOS, PRÉSTANSE A UN PEQUENO XOGO DE MÁSCARAS BAIXO OS FOCOS DO SALÓN TEATRO.

XA SEN DISFRACE, PREGUNTÁMOSLLES SOBRE OS APLAUSOS E AS AUDIENCIAS, SOBRE A POPULARIDADE, SOBRE AS SÚAS PREFERENCIAS E EXPERIENCIAS PROFESIONAIS... É CHEGAMOS A UNHA CONCLUSIÓN: O OFICIO DE ACTOR É IGUAL DE EXIXENTE E GRATIFICANTE INDEPENDENTEMENTE DO MEDIO A TRAVÉS DO CAL SE EXPRESE. MÁIS COMPLICADO RESULTA QUE NOS FALEN SOBRE AS PERSOAS QUE SE AGOCHAN TRAS ESES PERSONAXES CON QUE RIMOS E CHORAMOS CANDO SOBE O PANO OU ACENDEMOS A PANTALLA. CONVÉN MANTER O MISTERIO...

González | Xúlio Abonjo | María Bouzas

CIÓN



ROCÍO GONZÁLEZ

Nome: Rocío González Lorenzo

Lugar e data de nacemento: Vilanova de Arousa (Pontevedra), 17 de xuño de 1978

Último espectáculo en cartel: *Robin Hood*, de Acontrabutaca

Última serie de televisión en que actuou ou actúa: Actriz de elenco no capítulo 56 de *A vida por diante*, da TVG

1. Nome e brevísimas descrições dalgún dos personaxes que ten interpretado en teatro que sexa memorable para vostede por algún motivo.

Para min houbo un antes e un despois cando tiver a oportunidade de facer a Sonia do *Tío Vania*. Primeiro pola dificultade de crear e interpretar un personaxe de Chéjov e tamén por traballar con actores de distintas xeracións dos que aprendín moito.

2. Preséntenos o personaxe que interpretou nalgunha serie de televisión ao que lle ten máis apego (pola popularidade que lle deu, por algunha singularidade do personaxe...).

Fixen moi pouco no audiovisual, só dous personaxes en series distintas. O primeiro foi interpretar o dunha moza beata na serie *Terra de Miranda*. Foi divertido porque era un personaxe moi paródico que non tiña nada que ver comigo.

3. Na vida real... (déanos unhas pistas sobre si mesma).

Teño moito carácter propio da costa, para o bo e para o malo, aínda que non o pareza.

4. É actriz por vocación ou non o tiña premeditado?

Comecei facendo teatro no instituto (como non!) e tiven claro que cando chegase a Compostela quería formarme como actriz. Creo que o feito de estar agora traballando é froito de disciplina, moito traballo e dun respecto profundo por esta profesión.

5. Onde cre que pon o espectador máis expectativas: no mando a distancia ou no billete de entrada a un espectáculo teatral?

Creo que o espectador ten que ter expectativas nos dous medios e, polo tanto, exixir calidade tanto nos espectáculos teatrais como no audiovisual.

6. Actuar en televisión é un ingrediente extra nunha carteleira de teatro?

A realidade é que si. É un reclamo máis.

7. Para un actor de televisión facer teatro é unha forma de saír dos seus papeis habituais?

O teatro dálle a un actor/actriz a posibilidade de poder traballar con máis tempo material un personaxe e, polo tanto, de experimentar, de equivocarse e de poder amosar en directo todas as súas habilidades. No audiovisual o traballo é moito máis preciso, mais a cámara non sempre recolle todo ese traballo.

8. Á parte das cuestións técnicas obvias, que debe saber un actor de teatro que non saiba un actor de televisión? E viceversa?

Para os dous medios a fórmula é a mesma: formación, traballo e disciplina tendo en conta que esta profesión é unha carreira de fondo onde sempre escalas un chanzo máis.

9. Prexudica dalgún modo compaxinar ambos os dous medios?

Para o actor/actriz, todo o contrario. É unha sorte poder facelo e un beneficio.

10. Estámonos a esquecer do cinema, non si?

Non deberíamos esquecernos, pero aínda é un sector que ten que andar moito camiño para poder falar de cinema enteiramente galego.

11. Vaia por diante a dificultade pero, de ter que escoller un papel protagonista, que fose en...

Nun bo proxecto e, se se pode pedir, no que haxa tempo material para poder crear.

12. Que dá máis vertixe: agardar polo aplauso final ou polo *share*, o nivel de audiencia?

O aplauso despois dunha función é o máis inmediato, pero penso que non nos debería preocupar demasiado porque moitas veces o aplauso ou un bo *share* non son sinónimo de calidade e de traballo ben feito.

13. Díganos unha interpretación célebre (de teatro, cine ou televisión).

Recentemente tiven a oportunidade de ver unha interpretación sublime dunha compañeira miña nun espectáculo infantil, pero en xeral para min un espectáculo sería célebre ou perfecto se me puidese facer pensar e emocionar.

MARÍA BOUZAS

Nome: María Bouzas

Lugar e data de nacemento: Mugardos (A Coruña), 24 de marzo de 1962

Último espectáculo en cartel: *Noite de Reis*, do CDG


Última serie de televisión en que actuou ou actúa: *Terra de Miranda*, de Voz Audiovisual para a TVG

1. Nome e brevísimas descrições dalgún dos personaxes que ten interpretado en teatro que sexa memorable para vostede por algún motivo.

Memorables... para min, todos, de todos aprendín, mesmo dos "errados". Aí vai un: *Flora*, ama de casa dun barrio popular, modesta, insegura, recatada, acomplexada, que se torna nunha auténtica "fiera salvaghe" ao querer conseguir un posto de traballo. Para acadalo emprega sen escrúpulos calquera tipo de estratexia, mesmo a chantaxe emocional, na que resulta ser especialista. Memorable, para min, porque ademais foi unha das producións de Compañía Marías.

2. Preséntenos o personaxe que interpretou nalgunha serie de televisión ao que lle ten máis apego (pola popularidade que lle deu, por algunha singularidade do personaxe...).

Carmela, de *Terra de Miranda*. Veterinaria, separada con dous fillos que tenta refacer a súa vida volvendo ao lugar onde naceu. Carmela regaloume a oportunidade de ter que interpretar un amplo espectro de situacións e emocións. Puiden acompañala nos seus conflitos profesionais (nunca imaxinaría que lle metería a unha vaca o brazo ata onde llo metín) e no tortuoso camiño de atoparse a si mesma. Foron case catro anos de continuo adestramento actoral, unha sorte.



3. Na vida real... (déanos unhas pistas sobre si mesma).

Non son a máis indicada para falar de min mesma, prefiro agocharme tras un personaxe. Dous defectos: testana e perfeccionista.

4. É actriz por vocación ou non o tiña premeditado?

Sempre participei en canta representación teatral había ao meu redor, desde cativa, mais sempre encima dun escenario. Nunca fun das que se pon a cantar ou representar nunha reunión privada, morría de vergoña (segue sendo así). Quixen ser primeiro oceanógrafa, despois tradutora simultánea e finalmente, aos 16, descubrín que o que máis desexaba era ser actriz. A partir dese momento, devorei cursos de teatro, estudei na RESAD... ata que en 1988, con Mario Gas e o CDG, apareceu a primeira oportunidade profesional. Supoño que son un caso de vocación, tardía?

5. Onde cre que pon o espectador máis expectativas: no mando a distancia ou no billete de entrada a un espectáculo teatral?

O espectador do mando a distancia é, de partida, máis pasivo que o que se achega a mercar unha entrada. O primeiro está na súa casa, comodamente instalado nun sofá e normalmente non ten predeterminado o que vai ver. O segundo espera recibir a cambio do seu tempo e dos seus cartos unha recompensa inmediata, ten certamente expectativas respecto ao que elixiu ver.

6. Actuar en televisión é un ingrediente extra nunha carteleira de teatro?

Evidentemente a popularidade que proporciona a pequena pantalla pode ser un reclamo para que certo tipo de público acuda ao teatro, mesmo por primeira vez. A min paréceme estupendo se así se consegue máis público. A formación do espectador tamén pasa por saber apreciar, valorar o traballo dun determinado actor en diferentes medios.

7. Para un actor de televisión facer teatro é unha forma de saír dos seus papeis habituais?

Non me gusta a diferenciación entre actor de televisión, de cine, de teatro, de... Para min, este oficio é o de actor/actriz. O encadramento, por parte dos que deciden os elencos, tanto se pode dar na televisión como no teatro. O que si pode acontecer nunha serie de televisión é que o público identifique un actor cun personaxe, o cal é un evidente signo de inmadurez destes espectadores e de descoñecemento cara ao noso oficio. Nese caso penso que o mellor que se pode facer, se temos a oportu-

nidade, é interpretar outros papeis, xa sexa en teatro, televisión ou cine. Deberíamos afacer o público a vernos en diferentes medios, en diferentes rexistros; aínda falta moito para que o público saiba realmente o que é un actor.

8. Á parte das cuestións técnicas obvias, que debe saber un actor de teatro que non saiba un actor de televisión? E viceversa?

Evidentemente temos que ser capaces de adaptar a nosa linguaxe interpretativa a cada medio. No audiovisual a interpretación é máis "concentrada"; no teatro trátase máis dunha cuestión de "enerxía". Os ritmos de traballo son moi diferentes. En teatro podemos ensaiar, investigar; no audiovisual os ensaios apenas existen e moitas veces prima a inmediatez, o que pode ser un bo adestramento. Nas series que se gravan a un ritmo frenético existe pouco respecto polo oficio actoral. No teatro o actor ten o control do personaxe. No audiovisual o resultado depende menos do actor; a montaxe, a posición de cámara, etc., contribúen á interpretación que se verá na pequena pantalla... Pode haber sorpresas agradables ou desagradables.

9. Prexudica dalgún modo compaxinar ambos os dous medios?

Para min, trátase de dous ámbitos de traballo complementarios, non excluíntes. Un actor, como transmisor de historias, de emocións, debería poder desenvolver o seu oficio en calquera dos medios de comunicación actuais e nos que están por vir. Ampliar o campo de traballo actoral resulta enriquecedor. En canto a poder compaxinar os dous medios por cuestións de "calendario", depende de cada caso concreto, do número de bolos, de sesións, da vontade, das forzas... Pensar que un actor que está interpretando para o audiovisual non está dispoñible para o teatro e viceversa é un disparate. Haberá que, no seu caso, preguntarlle a cada actor.

10. Estámonos a esquecer do cinema, non si?

Pois si. O cinema impresiona. Existen, tamén no cinema, magníficas interpretacións coñecidas por un gran número de espectadores. A cámara axeca os actores desde moi preto, non lle escapa nada. E despois ese tamaño de pantalla... Que vertixe! Pero esa vertixe resulta moi atractiva e a cámara seduce.

11. Vaia por diante a dificultade, pero, de ter que escoller un papel protagonista, que fose en...

Vaia por diante: a inmensa maioría dos actores non podemos elixir, temos que traballar para poder manter engraxado o instrumento (que somos nós), para perfeccionalo e para poder comer. Gustárame en tal caso ter que elixir entre calidades de textos ou guións, directores, equipos... O que si teño claro é que preciso do teatro. Precísoo para situarme actoralmente, para afinarme como actriz, para reencontrarme co público. Para min, o teatro é a orixe do noso oficio; eu comecei encima dun escenario e non sei nin quixera renunciar a el.

12. Que dá máis vertixe: agardar polo aplauso final ou polo *share*, o nivel de audiencia?

A min resúltame moi difícil ver por primeira vez unha interpretación miña na televisión, aínda máis se é unha estrea de cinema. Ao día seguinte procuro saber a audiencia, por ver se gustou e porque diso depende que siga tendo traballo ou non (xa sabemos que audiencia e calidade non sempre camiñan da man). O aplauso do público teatral é algo indescribible, insubstituíble, nutritivo, sincero, inigualable, igual que o teatro en si. Non sei cal das dúas vertices que eu sinto nunha representación teatral é maior: se a de xusto antes de comezar a función ou se a do final, no silencio antes do aplauso.

13. Díganos unha interpretación célebre (de teatro, cine ou televisión).

Bruno Ganz en *O ceo sobre Berlín*.



XÚLIO ABONJO

Nome: Xúlio Abonjo
Lugar e data de nacemento: Pontevedra,
4 de xuño de 1974
Último espectáculo en cartel: *Hendaya, mon amour*, de Bacana Producións
Última serie de televisión en que actuou ou actúa: *Cuestión de sexo*, en Cuatro

1. Nome e brevísimas descrições dalgún dos personaxes que ten interpretado en teatro que sexa memorable para vostede por algún motivo.

Paco Pixiñas. Foi o meu primeiro papel coa compañía Bacharel en Pontevedra. O director Anxo Lourido converteu o poema de Celso Emilio Ferreiro nun musical. Foi moi divertido.

2. Preséntenos o personaxe que interpretou nalgunha serie de televisión ao que lle ten máis apego (pola popularidade que lle deu, por algunha singularidade do personaxe...).

Hai que vivir no presente, así que presento a Gabriel Santos, máis coñecido como Gabi, o personaxe que interpreto en *Cuestión de sexo*. Tiven moita sorte de ter que emigrar pola súa culpa.

3. Na vida real... (déanos unhas pistas sobre si mesmo).

Son galego, creo que é o máis aproximado que podo dicir de min mesmo.

4. É actor por vocación ou non o tiña premeditado?

Son actor por imperativo vital. A xente sabía o que tiña que ser antes de que eu o soubese. A frase lapidaria foi dun dos meus profesores de instituto: “Señor Abonjo, déjese de tonterías y dedíquese al teatro, que es una profesión muy digna”. A cousa foi indo. E ata hoxe.

5. Onde cre que pon o espectador máis expectativas: no mando a distancia ou no billete de entrada a un espectáculo teatral?

Para ir ao teatro hai que saír da casa, decidir que espectáculo ver, pagar unha entrada, prestar atención, aplaudir... Si, creo que o espectador, eu incluído, pon máis expectativas nunha entrada de teatro, sobre todo polo esforzo que lle supón.

6. Actuar en televisión é un ingrediente extra nunha carteleira de teatro?

É un gancho, pero o fundamental segue sendo o teatro.

7. Para un actor de televisión facer teatro é unha forma de saír dos seus papeis habituais?

Para min non. Simplemente hai cousas que quero facer e fágaoas, aínda que non teña subvención. Isto último non é unha queixa, é unha afirmación.

8. Á parte das cuestións técnicas obvias, que debe saber un actor de teatro que non saiba un actor de televisión? E viceversa?

O de teatro debe saber que é a toma única, pero que por fortuna tivo un tempo máis ou menos aceptable para preparala. O de

televisión debe saber que ten máis ou menos tres tomas, pero que por fortuna aceptarán esa na que menos a cague.

9. Prexudica dalgún modo compaxinar ambos os dous medios?

Non, a non ser que coincidan no tempo; entón si.

10. Estámonos a esquecer do cinema, non si?

Si?

11. Vaia por diante a dificultade pero, de ter que escoller un papel protagonista, que fose en...

En teatro, en cine e en televisión, aínda que non sexa por esa orde. Se o personaxe é interesante, dáme igual. En cine. É o que menos fixen.

12. Que dá máis vertixe: agardar polo aplauso final ou polo *share*, o nivel de audiencia?

A un aplauso final non hai *share* que lle faga sombra. Pero se o *share* vai ben... Quen ten un bo *share* ten un tesouro.

13. Díganos unha interpretación célebre (de teatro, cine ou televisión).

A de César Goldi en *Hendaya, mon amour*. Por quitarlle un pouco de mérito diría que está moi ben dirixido.





VÍCTOR MOSQUEIRA

Nome: José Víctor Lorenzo Mosqueira (con “i”, que significa mala herba que medra entre as sementes)

Lugar e data de nacemento: Corme (A Coruña), 9 de abril de 1962

Último espectáculo en cartel: *Noite de Reis*, do CDG, e *Sempre ao lonxe*, de Mofa e Befa

Última serie de televisión en que actuou ou actúa: *A vida por diante*, da TVG

1. Nome e brevísimas descrições dalgún dos personaxes que ten interpretado en teatro que sexa memorable para vostede por algún motivo.

Quedo co Arlequino que fixen en *Commedia, un xoguete para Goldoni*, de Ollomol-tranvía (1991-1994). É a esencia do teatro, un personaxe total e moi divertido.

2. Preséntenos o personaxe que interpretou nalgunha serie de televisión ao que lle ten máis apego (pola popularidade que lle deu, por algunha singularidade do personaxe...).

Cristóbal, un personaxe que fixen na serie *Un paso adelante*; era un profesor de interpretación. Un home tenro e apaixonado polo seu traballo que tiña un puntinho tolo. Ía moi ben ata que os guionistas decidiron escarallar o personaxe, cambiarlle todo. Isto pasa moito na tele.

3. Na vida real... (déanos unhas pistas sobre si mesmo)

Non é moi interesante a miña vida real. Son tímido, é un trazo que destacaría de min. E nada máis, non convén dar moitas pistas.

4. É actor por vocación ou non o tiña premeditado?

Pois si, creo que por vocación desde pequeno. Ía ser bombeiro, mariño, xornalista e ao final, deime conta de que sendo actor podía ser todo iso. Entón quedei con isto. Ademais sempre tiveron tendencia a facer a mona.

5. Onde cre que pon o espectador máis expectativas: no mando a distancia ou no billete de entrada a un espectáculo teatral?

Eu creo que a xente cada día é máis cómoda e que lle custa moito levantar o cu do sofá.

6. Actuar en televisión é un ingrediente extra nunha carteleira de teatro?

Non creo demasiado nisto polo de antes: porque a xente cada día é máis cómoda. A xente que vai ao teatro é porque realmente quere ir ao teatro, cando menos en Galicia. En Madrid supoño que si funciona, aínda que tamén hai moito máis público.

7. Para un actor de televisión facer teatro é unha forma de saír dos seus papeis habituais?

Para min facer teatro é unha forma de oxixenarse e de medirse.

8. Á parte das cuestións técnicas obvias, que debe saber un actor de teatro que non saiba un actor de televisión? E viceversa?

Que vai ter que madrugar moitísimo, no caso dun actor de teatro que vai facer tele. E ao revés, que vas trasnoitar moitísimo.

9. Prexudica dalgún modo compaxinar ambos os dous medios?

Prexudica a saúde, sobre todo a saúde mental.

10. Estámonos a esquecer do cinema, non si?

E non será que o cinema se está a esquecer de nós?

11. Vaia por diante a dificultade pero, de ter que escoller un papel protagonista, que fose en...

Dáme igual. Calquera medio é bo. Se fose en cinema preferiría un bo secundario.

12. Que dá máis vertixe: agardar polo aplauso final ou polo *share*, o nivel de audiencia?

O aplauso final, non hai nada como o aplauso final, en directo, no teatro. O *share* non depende de min, polo tanto tampouco me preocupa.

13. Díganos unha interpretación célebre (de teatro, cine ou televisión).

En teatro, para min, foi Marcelo Moretti en *Arlequino servidore de due padrone*, do Piccolo Teatro de Milán. Un home moi maior que cando sacou a máscara deixou todo o mundo abraído porque, aínda coa súa idade, a xente quedou asombrada do seu impresionante papel na obra.

En Galicia escollería, en teatro, a Xosé Manuel Olveira “Pico” en *O mozo que chegou de lonxe*. En cine, a Luís Tosar en *Te doy mis ojos*; e en televisión, a Miguel de Lira en *Mareas vivas*.



quico

A VIDA COMO UN CONTO

CRECEU SENDO UN “NENO DE TABERNA” NA FONDA QUE OS SEUS PAIS REXENTABAN NO CONCELLO DE RIBEIRA. ALÍ SOUBO DE MOITOS AVATARES DA VIDA DOS QUE CADA CLIENTE QUE PARABA A COMER OU PAGABA O SEU CHATO O FACÍA TESTEMUÑA. ATOPOU OS MELLORES PERSONAXES, UN ESCENARIO BEN ACAÍDO, OS MELLORES CONTOS. E, DESDE ENTÓN, APRENDEU A RESCATAR, COMO POCOS, AS HISTORIAS QUE NOS REGALA A VIDA COTIÁ PARA FACELAS RELATO E ESPECTÁCULO. HOXE EN DÍA É UNHA DAS MÁIS RECOÑECIDAS E POLIFACÉTICAS FIGURAS DA NOSA ESCENA: QUICO CADAVAL.

Érase unha vez... unha taberna alá polo concello de Ribeira, A Carreirana, onde, entre viño e viño, sempre había algo que escoitar...

Así é. A taberna dos meus pais era unha fonda na que comían traballadores, operarios, mariñeiros ou xente que viña comprar o peixe, e as historias que se oían entendíanse perfectamente ben porque eran historias da vida, de viaxes... Daquela as tabernas eran un lugar de encontro onde moitas veces a clase alta e a clase baixa se mesturaban e todas as idades tiñan acceso, entón era frecuente que os nenos escoitasen as conversacións dos maiores.

A xente encóntrao todo bastante extraordinario, eu atópoo normal porque foi a miña vida. Ser neno de taberna é especial porque aquilo era a nosa casa e a porta sempre estaba aberta. Eu entraba e saía e, dalgún modo, a relación cos clientes era familiar porque era xente que estaba na casa.



CADAVAL

Así comeza a súa historia, na súa vila natal, nunha vila mariñeira onde as haxa, en plena ría de Arousa, que vos tede ten presente non só no seu carné de identidade. De que modo o marcou?

A miña historia comeza nesa taberna, que debe ter os meus anos porque antes os meus pais tiñan outra e esta construírona pouco antes de nacer eu. Dalgún modo estás moi socializado, falas con todo o mundo, tes un certo atrevemento, entendes o que é o intercambio... pero tamén pode ser negativo, porque es menos reflexivo ao ter menos espazo para ti. Eu son desa xeración na que os nosos pais tiñan un soño que era liberarnos do traballo manual que a eles, con moito esforzo e penalidades, lles tocou facer. Como tantos, traballaron moitísimo para que aos seus fillos non lles pasase o mesmo e iso acreditábano mandándonos á universidade, unha vacina coa que os rapaces quedaban libres para sempre do traballo manual e as súas posibles penurias.

Desde neno bebeu de todo ese costumismo e da sabedoría popular ata ir forxando o seu repertorio. Que ten todo iso de lenda?

Para min non é ningunha lenda, aínda que se tende a alimentar esa idea. Para min realmente o máis importante que pasa en Ribeira é o que non é tradicional, o moderno, e interésanme moitísimo os personaxes dos anos setenta, froito dese cambio entre unha sociedade anticuada na que, de repente, entra a modernidade por todos os lados. Eu o que conto son cousas que pasaban e moitas veces intento provocar ese tipo de tópicos. Unha das miñas historias fala dun mariñeiro negro que se namora dunha rapaza loura que traballa nunha librería e, moi adiantado o relato, digo que ela ten catorce anos. Iso provoca unha reacción no público, que queda inmovilizado porque se está enfrontando a un problema real e a xente séntese provocada por diversos conceptos morais.

“SER NENO DE TABERNA É ESPECIAL PORQUE AQUILO ERA A NOSA CASA E A PORTA SEMPRE ESTABA ABERTA. EU ENTRABA E SAÍA E, DALGÚN MODO, A RELACIÓN COS CLIENTES ERA FAMILIAR PORQUE ERA XENTE QUE ESTABA NA CASA”

Que personaxes lembra daquel entón que protagonizan moitas das súas historias?

Moitos. Ao ser un porto, Ribeira era unha zona economicamente activa. Nas pensións de entón mesturábanse o que eran os traballadores manuais: un albanel, un pedreiro, cun empregado de banca ou cun alguacil de xulgado que viña desprazado... Despois estaban as prostitutas coas novidosas barras americanas (menos clandestinas) e a emigración portuguesa durante a ditadura de Salazar. Nesa mestura hai personaxes interesantes. Se cadra, aos que lles teño máis cariño que nunca comentei como é debido é aos protagonistas do romance entre un desertor portugués e unha prostituta. Talvez sexan eses os personaxes que me quedan por botarlles man.

Falar de Quico Cadaval é falar dun verdadeiro contador de historias: como director de teatro, actor, adaptador de textos literarios e, especialmente, como contacontos. Como é un contacontos moderno, tendo en conta a longa tradición que existe na nosa cultura deste vello oficio?

Non estou de acordo en considerármonos continuadores dos contadores tradicionais. O que fixemos os sete ou oito que andamos por aí desde os anos noventa foi darlle carácter teatral a este oficio e convertelo nun espectáculo. Esa profesionalización é o máis importante. O contador tradicional é alguén que é afeccionado, que está metido no tecido social e é recoñecido polos outros como alguén que conta cousas con graza. Na tradición, o contador como tal estaba en calquera actividade cotiá, agrícola, nunha malla, nunha fiada... contaban. Pero eu quería romper un pouco con esa insistencia rural porque Galicia é urbana desde hai anos e nas vilas tamén pasaban cousas. Hai un territorio do conto tradicio-

“NON ESTOU DE ACORDO EN CONSIDERÁRMONOS CONTINUADORES DOS CONTADORES TRADICIONAIS. O QUE FIXEMOS OS SETE OU OITO QUE ANDAMOS POR AÍ DESDE OS ANOS NOVENTA FOI DARLLE CARÁCTER TEATRAL A ESTE OFICIO E CONVERTELO NUN ESPECTÁCULO”

nal, non profesional, moi importante nas tendas e nos bares. Diso, nós facemos espectáculo porque o gusto pola palabra, polo conto, polo ouvir... sempre perseverou. Somos artistas da palabra.

En que grao é entón unha profesión debedora da tradición oral, desas historias que xa contaban os nosos maiores, e canto ten de invención propia?

Nalgún sentido si somos debedores da tradición, pero non entendo esa insistencia cos narradores porque, por exemplo, á xente que baila tango ninguén lle pregunta se é debedora dos avós que bailaban tangos. O narrador crea as súas historias, non é un acumulador de historias etnográficas. Nós, como faladores, manipulamos moito esas historias.

Cal é o segredo para narrar un bo relato?

Dicir a verdade.

Un conto ha de ter sempre un final didáctico?

Que a conclusión sexa moral non é necesario, dalgún modo todo conto é moral. Sempre fala dun comportamento, pero non hai necesidade de dar un recado, de dar un consello moral moi concreto. A xente, cando oe unha historia, dalgún xeito quere que a historia sexa completa. O público admite de mala gana que ti lle contes un fragmento de vida. A xente quere sempre unha historia plena, sempre hai unha necesidade de que se complete. Aí si temos que aprender moito do conto tradicional.

Onde están as mellores historias?

Calquera de nós ten unha historia no seu interior e botamos man da ficción para cumprir esa necesidade. Eu, para buscar unha boa historia, acrédoa nas miñas sensacións: se como receptor quedo satisfeito, creo que paga a pena contala. Transmitir o pracer é moi importante, ten que haber algo sensual no deleite. Así e todo, as mellores historias están en *As mil e unha noites*.

... E NON PODÍA FALTAR UN DOS CONTOS DE QUICO CADAVAL

O cadaleito Trinitron

“O outro día estiven en Berlín e contoume unha muller que ten un restaurante de produtos biolóxicos que lle contou o seu proveedor de carne biolóxica (que ten unhas vacas pola zona de Nuremberg) que foi comprar unha televisión nova de plasma e levou o can. Foron el e mais a muller e levaron o can. Entón, cando xa escolleran a televisión e estaban para empaketala, o can tivo un paro cardíaco e morreu alí, nuns grandes almacéns. Estamos falando de Berlín, Alemaña, un país civilizado e, de acordo cos procesos legais, terían que vir os servizos sanitarios, identificar o can que morreu nun sitio público... Igual se o inspector era moi estrito, moi rigoroso, podía chegar a pechar a planta dos grandes almacéns. Entón, o xerente pediulles que o sacasen máis ou menos clandestinamente. Déronlle unha caixa dun televisor Trinitron para sacar o can e, para poder pasar sen problemas polas caixas, puxéronlle as etiquetas autocolantes de pagado. Así, levárono para o coche e meteron no maletreiro o cadáver do seu querido can. Dominados pola dor, volveron a buscar a televisión que compraran (deixaran o proceso a medio facer). Volveron, compraron a tele e, cando volveron ao coche, ao aparcadoiro, roubáranlle a caixa da Trinitron uns ladróns que se foron co cadáver dun can”.



Que se precisa para ser un bo narrador?

O narrador debe saber conversar, non repetir unha cousa e memorizala. Iso é referir. O que nunca ten que esquecer é que está conversando.

Que é o que define os seus contos, como é Quico Cadaval enriba dun escenario?

Creo que me perdoan o que fago no escenario porque fago o fundamental, que é dicir a verdade. Son desordenado, parezo natural, ás veces parece que se me está ocorrendo todo nese momento, que non hai en min nada de preparación (ese é o grande obxectivo). Dinme que teño unha actitude arrogante que provoca unha tensión interesante porque eleva a atención do público: se o que fala é arrogante todo mundo está a ver se lle pode meter o dente por algún sitio.

A Sala Galán foi testemuña da súa estrea como narrador alá por 1994.**Que lembra daquilo?**

Lembro moi ben. Víctor Mosqueira, Evaristo Calvo e mais eu quedáramos en facer

un pequeno *show* sobre algo. Entón lembro que contei unha historia da miña avoa, o conto de Augusto Monterroso, *El dinosaurio*, e a historia do campo de concentración de San Simón durante a Guerra Civil, ademais dun pequeno relato sobre a máscara de aguacate que finalmente non incluíu no meu repertorio.

Ten adaptado e versionado textos literarios para teatro dos máis diversos autores, desde Cunqueiro ata, recentemente, Shakespeare, no seu último espectáculo *Noite de Reis*. Ou o que *queirades*, para o Centro Dramático Galego. Que atopa en común en todos eles?

Normalmente son seleccións miñas, excepto *Si o vello Sinbad volvese ás illas...*, que mo pediu o director italiano Fabio Mangolini, que foi quen dirixiu esa obra.

Todo o que hai arredor do soño como metade da vida da humanidade é común nas miñas dramaturxias. De Cunqueiro gústame o imaxinativo e o onírico, é moi shakes-

“EU, PARA BUSCAR UNHA BOA HISTORIA, ACREDÍTOA NAS MIÑAS SENSACIÓNS: SE COMO RECEPTOR QUEDO SATISFEITO, CREO QUE PAGA A PENA CONTALA. TRANSMITIR O PRACER É MOI IMPORTANTE, TEN QUE HABER ALGO SENSUAL NO DELEITE”

peariano. O que gardan en común é algo lúdico, a idea de que os relatos sempre son cousas que inventas, imaxinas ou soñas.

Comezou na interpretación co Centro Dramático Galego e a mediados dos oitenta fundou a súa propia compañía: O Moucho Clerc. Cambiaron moitas cousas desde entón?

Daquela acababa de fundarse o CDG e, dalgún xeito, algunhas compañías puidemos ir detrás. Non había sitios onde actuar nin había axudas para o teatro. Pero, por outra banda, parece que estamos sempre empezoando. Espectáculo a espectáculo hai que conquistalo. Eu penso que continúa habendo desconfianza e un pouquiño de autoodio. Xente que nunca foi ao teatro é capaz de asistir a unha compañía procedente de Madrid porque ten artistas da tele. E é moi difícil que nós teñamos ese público; é dicir, que o público veña voluntariamente. Non hai que seducilo, hai que conquistalo, e é un pouco cansado todo isto. Pero quizais a culpa é nosa.





Quico Cadaval, na Carreirana, a taberna da súa nai

É vostede galego con denominación de orixe de Ribeira?

Si, son galego de Ribeira con denominación de orixe. Como demostran as recentes investigacións xenéticas somos nun noventa por cento africanos e eu ostento un apelido portugués. E seguro que teño algo de leonés, ninguén se libra diso.

Cal foi o primeiro conto que lle contaron?

O primeiro conto que lembro que me contaron era a historia dunha muller que recibía a visita dunha morta pola noite, que lle pedía permiso para ir no seu corpo a unha romaría e, ao chegar o día da romaría, ela soubo que levaba a morta porque tiña dúas sombras: a súa e máis a da morta. Iso realmente pasou en Santa Minia, en Brión, lugar no que, por certo, acabei vivindo.

Quen llo contou?

A miña avoa, e pasoulle a ela.

A quen lle escoitou o mellor conto?

A un costarricense, Alejandro Tosatti. Era un conto dun labrego que lle gardara algo a uns guerrilleiros que estaban baténdose en retirada, un exército rebelde derrotado. Logo, cando volveron e triunfaron, el foi premiado e converteuse nun imbécil porque sae do seu contexto, converténdose en ministro cando el era un labrego.

Quen é para vostede un mestre neste oficio?

O meu pai, era un mestre nisto e non o sabía.

O conto infantil por excelencia é...

Carapuchiña vermella, o conto da nena que é devorada por un animal. Un relato de terror, que é o que máis lles gusta aos nenos. Aos nenos o que lles gusta é que os contos falen deles, por iso lles gustan os contos de príncipes e princesas (aínda que nós queiramos ser “progres” e ás veces non llelos contemos porque pensamos que reforzan o carácter clasista da sociedade). De nenos somos o único que hai no mundo, o máis importante, e os contos tratan diso, de persoas que son únicas.

Que teñen de verdade os contos?

Todo. Os contos son verdade. Despois hai xente que cre que está contando contos e está contando outra cousa. Pero os contos falan de cousas que existen e que nos interesan, e a verdade é esa. *Carapuchiña vermella*, *Xénese* ou *Edipo rei*... son verdade porque a nosa vida é todo iso.

Que leva sempre consigo ao escenario?

Sempre que podo levo unha cervexa, cando estou en condicións de tomala. E, ultimamente, estou un pouco viciado nuns zapatíños que teño de coiro, moi flexibles, moi leves, e estoulle dando moito valor a iso.

Ten algunha manía escénica?

Teño unha manía: recito sempre a Calderón de la Barca antes de actuar porque ten un poema que ten todas as consoantes e vogais, e emprégoo para preparar o aparello fonador. Son uns fragmentos dunha obra que se chama *El astrólogo fingido*.

Cóntenos algunha anécdota dalgún dos seus espectáculos.

Un día, nun maratón de contos no que participei en Guadalajara, antes de min subiu unha señora que tiña un chal que era máis caro que todo o meu gardarroupa. Dixo que o sentía moito, pero que levaba alí moito tempo e aínda non escoitara unha historia de amor. Entón púxose a contar unha historia acompañada por unha guitarra dun mariñeiro e unha se-rea. Despois tocoume a min e a señora quedou sentada na primeira fila. Eu dixen: “Aproveitando que hai reclamacións, vou contar unha historia de amor”. E era unha historia de amor pero na que se manifestaban de forma explícita as prácticas sexuais dos namorados, personaxes inferiores, sen altura romántica nin nada así. E a señora, que sorriu intensamente cando eu anunciei que ía contar unha historia de amor, foise antes de eu acabar. E é que o amor provoca moitísima infelicidade e sempre se asocia á parte máis feliz.

Por certo, a señora resultou ser tía de Ana Botella, esposa do presidente do Goberno naquel momento.

Como é Quico Cadaval fóra do escenario?

Comellón, irritable, desordenado, curioso, con breves momentos de hospitalidade, miope, bipolar, mullerengo... Estoume sacando de mullerengo e de moralista, desta actitude de insatisfacción na que todo che parece mal, que tanto éxito ten no social porque parece que es moi intelixente cando non che gustan as cousas. Estoume sacando diso, de protestón, e estou intentando ser un pouco máis sensual e tolerante. Divertirme máis coas parvadas dos outros en vez de dicir: que parvada!

Coa esperanza de apaixonar

Víctor López Carbajales

O acerto por parte do IGAEM en 2007 de sacar a convocatoria de subvencións a principios de ano e resolvelas antes do verán, e de cambiar as datas da Feira das Artes Escénicas para trasladala a principios de tempada, tiña a intención de que as compañías producisen os seus espectáculos no período estival, momento en que a programación estable dos teatros públicos descansa. É dicir, tentar que na tempada de exhibición todas as compañías exhiban e nos momentos de parón estival produzan. Porén, seguramente polo costume e a inercia e porque o novo sistema necesita, polo menos, de dúas tempadas para reaxustar os procesos de produción das empresas, atopámonos neste primeiro semestre de 2008 cunha multitude de estreas e coa esperanza de que o noso teatro consiga apaixonar os espectadores galegos.

Os cambios na nosa Galicia custan e, polo de agora, non se conseguiu que as compañías cambiasen os seus procesos, aínda que é certo que algunhas, que xa están xirando por Galicia desde finais da tempada pasada e principios da actual, si que o fixeron, caso das excelentes *A bombilla máxica*, de Teatro do Atlántico; *Margar no pazo do tempo*, de Sarabela Teatro; e *As últimas lúas*, de Lagarta Lagarta.

Gustárame resaltar dúas estreas para este semestre, polas expectativas que crean os seus proxectos e polo seu formato, que poderíamos cualificar de mediano-grande, algo sempre escaso en Galicia. Son proxectos moi distintos na súa concepción e na propia estrutura das compañías: Talía Teatro e Teatro do Morcego. A primeira mantén un equipo de actores fixo desde as últimas montaxes e con novas incorporacións ata cubrir un elenco de dez actores que levarán á escena *Anfitrión* ou *E ti, quen vés sendo?*, unha das comedias máis importantes e representadas do comediógrafo latino Plauto. A *troupe* habitual de Talía móvese ben na comedia, aínda que son capaces tamén de facer excelentes traballos noutros xéneros (lembro perfectamente o fantástico labor de Artur Trillo e Toño Casais no seu espectáculo *Esperando a Godot* de hai un par de tempadas), algo que tamén sucede co encargado de dirixir este proxecto e adaptar o texto, Cándido Pazó. Este autor e director foi quen de traballar a comedia durante moitos anos e, non obstante, escribir e dirixir o drama *A piragua* a tempada pasada, unha das montaxes, segundo a miña opinión, máis interesantes dos últimos anos en Galicia. O segundo proxecto que quero resaltar é *O club da calceta*, de Teatro do Morcego, formulado ao revés que o anterior: o director da compañía, Celso Parada, rodearase dun elen-

co novidoso con respecto ás súas últimas producións, se exceptuamos a Maxo Barjas, asidua nos seus espectáculos. Un elenco feminino ao cen por cen e, sen ningunha dúbida, o máis importante e interesante das últimas tempadas en Galicia: Susana Dans, Laura Ponte, Luísa Merelas, Elina Luaces, Inma Antonio e Mabel Rivera, xunto coa citada Barjas. Parada ten nas súas mans un conxunto de actrices de primeirísimo nivel que forman parte xa da historia do teatro galego dos últimos 25 anos. A outra gran diferenza con respecto á montaxe de Talía é que Teatro do Morcego adaptará unha novela dunha escritora nova, María Reimóndez, finalista con esta obra do Premio Xerais de Novela 2006.

Dous proxectos tremendamente prometedores dos que haberá que facer un seguimento especial. Apuntemos as datas de estrea nas nosas axendas no mes de marzo: *O club da calceta* o día 8 e *Anfitrión* o 28, ambas as dúas no Auditorio Municipal de Narón, lugar habitual de estreas das nosas compañías, algo que di moito a favor do excelente traballo de programación e promoción do noso teatro que neste municipio se leva facendo desde hai anos.

Quero sinalar tamén algunha estrea de espectáculos con autoría galega: Eduardo Alonso volve escribir un texto para a súa compañía Teatro do Noroeste, *Extrarradios*, onde cambia nesta ocasión o formato con respecto ás dúas últimas producións da compañía. Baixo a súa propia dirección contará no elenco coa veterana Luma Gómez e a nova Vicky Pérez Varela. O autor máis premiado da nosa dramaturxia actual, José Luís Prieto, embárcase nun novo proxecto empresarial e crea a súa propia compañía, 40Pasos, para dirixir o seu texto *O ridículo desamor dun home máis ou menos normal*. Isto supón unha novidade no caso de Prieto, autor acostumado a algo case inexistente no noso panorama teatral: escribir por encargo para outras compañías. Por último, cómpre destacar a produción de Volta e Dalle cun texto con catro autores: Nazaret López, Carlos Santiago, Lucho Penabade e X. H. Riva-dulla Corcón, titulado *Pan, catro propostas arredor da mallá*.

Seguimento especial haberá que facerlles ás compañías novas en Galicia, cada vez con máis presenza e, grazas ás subvencións ás novas formacións por parte do IGAEM, con máis oportunidades. Nut Teatro, dirixida por Carlos Neira e de autoría colectiva, estreará *A mirada de Pier*, e a nova compañía Nunca+1 montará *Novecento*, un excelente texto de Alessandro Barico, dirixido por Antón Freire e interpretado por Mighe-

“*Atopámonos neste primeiro semestre de 2008 cunha multitude de estreas e coa esperanza de que o noso teatro consiga apaixonar os espectadores galegos.*”

“*Os cambios na nosa Galicia custan e, polo de agora, non se conseguiu que as compañías cambiasen os seus procesos, aínda que é certo que algunhas, que xa están xirando por Galicia desde finais da tempada pasada e principios da actual, si que o fixeron (...)*”

llo Blanco. Por último, a compañía ourensá La Imagina Machina, dirixida polo compoñente de Sarabela Teatro Suso Díaz, atreverase con *Ubú rei*, de Alfred Yarry, cun elenco de actores noveis encabezados polos xa consolidados Tito Asorey e Nate Borrajo.

Non quero rematar sen facer mención ao bo momento que atravesamos o teatro galego para nenos e nenas, tanto no teatro de actor como no de monicreques. É preciso destacar a importante presenza da autoría galega nas compañías de teatro de actor, como é o caso de Paula Carballeira, autora da recentemente estreada *Boas noites*, por parte da súa compañía Berrobambán, texto gañador da I Edición do Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil, e de *Mundos contados*, producida por Talía Teatro. Esta compañía mantén en cartel un texto xa “mítico” dentro da dramaturxia galega de teatro infantil: *O merlo branco*, de Cándido Pazó. Tamén Saprísti, compañía cada vez máis asentada nos espectáculos infantís, confiou na autoría e dirección de José Campanari para estrear *Ó son das cousas*. A produción de monicreques continúa a ser extensa e consolídase cada vez máis nas programacións dos teatros públicos: Trompicallo, Artello, Tanxarina, Monicreques de Kukus ou Cachirulo seguen mantendo o nivel doutros anos cos seus traballos e confirman o potencial galego do teatro de marionetas.

Para finalizar, non podo deixar de mencionar algo, para min, triste e desafortunado: a non presenza na Rede Galega de Teatros da compañía galega con máis prestixio no Estado español: Matarile Teatro non estará nos escenarios galegos nin con *Truenos y misterios* (só unha función en Galicia, en Narón novamente), estreada no Festival Escena Contemporánea 2007 de Madrid, nin coa súa nova produción, *Animales artificiales*, que se estreará en Málaga baixo a coprodución do prestixioso Festival Internacional de Teatro de Málaga e o Centro Cultural de la Villa de Madrid. O sitio máis preto para velo será Xixón, en outubro de 2008. Desde logo, eu non esperarei tanto tempo para ver o novo traballo de Ana Vallés e prometo estar na estrea malagueña o 1 de febreiro.

O semestre promete traer grandes emocións e variedade de espectáculos, e teño a esperanza e o desexo, desde a distancia, de observar como as nosas compañías crecen en calidade e os nosos teatros enchen as súas butacas de espectadores que se apaixonan por unha arte que, malia a súa permanente crise vital e existencial, continúa sendo imprescindible na nosa sociedade.

O CLUB DA CALCETA

Teatro do Morcego

Autora: María Reimóndez / Dirección: Celso Parada
Elenco: Susana Dans, Laura Ponte, Maxo Barjas, Elina Luaces, Luísa Merelas, Inma Antonio e Mabel Rivera
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Seis mulleres moi diferentes entre si acoden a clases de calceta, un lugar onde converxen as súas frustracións pero, tamén, un lugar onde toman conciencia da súa situación e da necesidade de superala. A través dun espazo tan tradicionalmente feminino como a calceta, estas mulleres atopan no valor da unidade a forza para sobrepoñerse a un presente que as nega ou minusvalora. Desde a intriga e a hilaridade, emerxe unha profunda reflexión e revisión sobre a condición feminina.



O RIDÍCULO DESAMOR DUN HOME MÁIS OU MENOS NORMAL

40Pasos

Autor: José Luis Prieto / Dirección: José Luis Prieto
Elenco: Pablo Sánchez, Carlos Mosquera “Mos” e Cristina Montero / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Documento teatral sobre o desamor humano, sexo masculino, segundo investigacións realizadas por 40Pasos. Logo dunha ruptura amorosa, a muller vólvese máis atractiva que nunca e o home máis patético que sempre. Este documento retrata o comportamento do macho humano logo da súbita desaparición da femia.



ROMEO E XULIETA

Teatro do Noroeste

Autor: William Shakespeare / Dirección: Eduardo Alonso
Elenco: Luma Gómez, Aitor Rei, Jacobo Bugarín Osorio, Fernando González, Victoria Pérez Varela, Fernando Tato, Christian Escuredo, Omar Rabuñal Varela, Antela Cid, Sara Casasnovas e Alejandro Carro / Xénero: Teatro adultos/Clásico

Romeo e Xulieta fálanos da dificultade, ás veces insalvable, de tentar conxuntar o particular e o social. O vello conflito familiar é un pano de fondo que colabora, pero non determina. Con moito tino aparecen reflectidas as virtudes e as eivas da mocidade, aínda que os adultos non deixan de estar comprometidos co desenlace final e fatal. A violencia entre as familias, o amor dos protagonistas e todos os demais conflitos trasládanse a unha época actual.

+ info. en: www.teatrodonoeste.com



QUERO SER GRANDE

Talía Teatro

Autor: Artur Trillo / Dirección: Artur Trillo
Elenco: Marta Ríos, Rosi Barcala e María Ordóñez
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Espectáculo cómico creado sobre historias curtas que trata de contar as vicisitudes da adolescencia, esa idade controvertida e polémica que xera luces e sombras.



PAN, CATRO PROPOSTAS ARREDOR DA MALLA

Volta e Dalle Teatro

Autores: Nazaret López, Carlos Santiago, Lucho Penabade e X. H. Rivadulla Corcón / Dirección: Nazaret López, Carlos Santiago, Lucho Penabade e X. H. Rivadulla Corcón / Elenco: Comba Campoy, María Lado, Pepe Penabade, Alfonso Romeo, Pepe Soto, Mini e Mero
Xénero: Teatro adultos

O pan xa non se amasa na artesa, senón en factorías deshumanizadas, nin vén do trigo mallado na eira, senón de fariñas industriais. Estes cambios supoñen a transformación da nosa sociedade tradicionalmente agraria nunha globalizada. A desaparición do labor da malla simboliza eses cambios e inspira as catro historias que conforman PAN: A Sementeira, A Segá, A Malla e O Pan.

+info. en: www.voltaedalle.com



REBELDÍAS POSIBLES

Cuarta Pared

Autores: Luís García-Araus, Javier G. Yagüe
Dirección: Javier G. Yagüe / Elenco: María Antón, Frantxa Arraiza, José Melchor, Javier Pérez-Acebrón, Asu Rivero e José Sánchez / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Fábula que conta a historia dun home que decide reclamarlle a unha empresa de servizos a devolución duns céntimos por estar en desacordo cun criterio aplicado nas tarifas. Ante o desinterese da empresa por responder á súa reclamación, decide chegar ata o final. As queixas, denuncias, reclamacións, recursos e apelacións lévanlle tempo e cartos.

+info. en: www.cuartapared.es



SALPICADOS

Compañía de Teatro Xerpo

Autora: Irene Moreira Fontán / Dirección: Irene Moreira Fontán / Elenco: Alejandro Sobrino Fagilde, Keka Losada, Samuel Merino / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Cando queres mudar a túa vida por completo sempre sucede algo que impide que levas a cabo a túa decisión. Iso é o que lle ocorre aos tres personaxes de *Salpicados*: Muller-Cansa, Home-Espido e Persoa-Soa. Rodeados dun mundo marcado pola angustia existencial, só queren “ver chover e como a choiva arrastra toda a merda que nos afoga”. Había tempo que non saías do teatro tan salpicado!

+info. en: www.xerpocultural.com



SEMPRE AO LONXE

Mofa e Befa

Autor: Quico Cadaval, Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Piti Sanz / Dirección: Quico Cadaval / Elenco: Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Piti Sanz / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Mofa e Befa retoman o seu humor ácido e crítico para facernos reflexionar sobre a conformación multiétnica da sociedade actual. Unha variada mostra de diferentes e singulares etnias que, cunha carga musical moito maior que en anteriores espectáculos, demostra que a interculturalidade e a convivencia entre culturas, razas e modos de pensar é posible.

+info. en: <http://www.emedous.com>



SWING GUITARS

Pistacatro Productora de Soños

Autor: Swing Guitars / Dirección: Swing Guitars
Elenco: Mon Orenco, guitarra; Xabier Mera, guitarra; Bernardo Martínez, baixo; Quim Fariña, violín.
Xénero: Teatro adultos/Musical

Catro homes, catro instrumentos de corda e unha viaxe. Un concerto cabaré na procura da canción imposible. Esta é a historia de catro personaxes itinerantes narrando musicalmente o seu periplo vital como buscavidas. Swing, jazz, bossa. O espectáculo responde ao que se deu en chamar cabaré-concerto, onde o humor dos clowns e o monólogo cómico consegue sacar moitas risas cómplices. Un estilo de música de sons próximos ao gipsy swing.

+info. en: www.pistacatro.com



TE HAS PERDIDO EL MAR

Teatro Ensalle

Autor: Pedro Fresneda / Dirección: Pedro Fresneda
Elenco: Raquel Hernández, Fernando Pérez e Artús Rei
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Te has perdido el mar é o resultado dunha situación. É un intento de cambio, aínda que sexa a peor. É un ataque feroz á orde establecida, á prohibición por sistema, á quietude somnolenta. É un berro nacido para non ser escoitado, a responsabilidade de berrar cando todo se precipita, non para paralo, non para cambialo, para morrer berrando, cando menos.

+info. en: www.teatroensalle.com



UBÚ REI

La Imagina Machina

Autor: Alfred Harry / Dirección: Suso Díaz
Elenco: Tito Asorey, Nate Borrajo, David Varela, Galicia Gutiérrez “Gali”, Leticia Álvarez “Lele” e Andrea C. Freire
Xénero: Teatro adultos/Comedia

O clásico contemporáneo volve percorrer os escenarios galegos. Ubú, esa grotesca marioneta conquista o poder pola violencia e a traizón, e continúa exercéndoas, movido por un desaforado e obsceno apetito de dominación. Unha farsa sobre os dramas shakesperianos en clave musical. Un espectáculo onde o humor, o grotesco, o xogo da máscara, as cancións, unha escenografía abraiante e un traballo de iluminación e proxecções fan desta montaxe un verdadeiro espectáculo multimedia.

+info. en: www.laimaginamachina.com



ZARDIGOT

Espello Cóncavo

Autor: Euloxio Ruibal / Dirección: Arturo López
Elenco: Lucía Regueiro, Ana Santos, Manu Fernández, Xavier Pan, Oswaldo Digón, Uxío Losada, X. C. Mejuto, Rodrigo Roel, X. L. López “Sacha”, “Gari”
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Alegación contra a guerra a través da figura dunha muller, Estrela, unha ama de casa sen máis inquietudes que a súa familia. Asistimos á transformación e posterior destrución do seu contorno persoal e social. Unha guerra fratricida, de exterminio, que rompe con todos os valores de convivencia e que extrae o peor da condición humana: a violencia irracional. A través do exilio de Estrela vemos como a guerra é especialmente cruel cos febles e indefensos, cos vellos, coas mulleres...

+info. en: zardigot.blogspot.com

PROGRAMACIÓN
XANEIRO-XUÑO 2008

[consultar posibles modificacións de carteleira
en www.culturavai.info]

PROVINCIA DA CORUÑA		
A CORUÑA		
XANEIRO		
17 ás 20.30 h _Teatro Colón _ LA IMAGINA MACHINA. Ubú Rei	[P. 24]	
19 ás 20.30 h / 20 ás 19.00 h _Forum Metropolitano TEATRO DEL ANDAMIO. A lingua das bolboretas	[P. 4]	
20 ás 17.30 h / 21 e 22 ás 11.00 h _Teatro Rosalía BERROBAMBÁN TEATRO. Boas noites	[P. 33]	
23 ás 11.30 h _Teatro Rosalía _ ESPELLO CÓNCAVO. Zardigot	[P. 24]	
FEBREIRO		
9 ás 19.00 h / 10 ás 12.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio TANXARINA TÍTERES. Os narigudos	[P. 38]	
9 ás 20.30 h / 10 ás 19.00 h _Forum Metropolitano BACANA. Hendaya mon amour	[P. 9]	
10 ás 19.00 h / 11 ás 11.30 h _Teatro Rosalía TEATRO DE NINGURES. Emigrados	[P. 7]	
16 ás 19.00 h / 17 ás 12.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio PABLO NOJES Y PÁPRIKA TEATRO. Qué pasa en la plaza!!!	[P. 38]	
MARZO		
1 ás 19.00 h / 2 ás 12.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio TALÍA TEATRO. Menos lobos	[P. 38]	
1 ás 20.30 h / 2 ás 19.00 h _Forum Metropolitano CUARTA PARED. Rebeldías posibles	[P. 24]	
6 ás 12.00 h / 7 ás 12.00 h / 8 ás 19.00 h Forum Metropolitano _ TALÍA TEATRO. O merlo branco	[P. 38]	
8 ás 19.00 h / 9 ás 12.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio CIA LA SONRISA DEL LAGARTO. Adiós Cordera	[P. 33]	
13 ás 20.30 h _Teatro Rosalía PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS. Kamikaze	[P. 10]	
15 ás 19.00 h / 16 ás 12.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio TARAMBANA. Gaia	[P. 33]	
21 ás 17.30 h _Teatro Rosalía _ GALITOON. Golulá	[P. 33]	
23 ás 17.30 h _Teatro Rosalía DISQUE DANZA. Menú vexetal (dáme verde)	[P. 38]	
28 ás 20.30 h _Teatro Rosalía SARABELA TEATRO. Margar no pazo do tempo	[P. 11]	
29 ás 19.00 h _Forum Metropolitano CYRILLE SINCLAIR DE MAGIA A LA CARTA. Divertilandia	[P. 40]	
29 ás 19.00 h / 30 ás 12.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio CARAMUXO TEATRO S. C. Historia dunha semente	[P. 33]	
29 ás 20.30 h _Teatro Rosalía SARABELA TEATRO. Margar no pazo do tempo	[P. 11]	
ABRIL		
5 ás 19.00 h _Forum Metropolitano _ O MAGO TETO. Tolemaxias	[P. 42]	
5 ás 19.00 h / 6 ás 12.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio TÍTERES EN ACCIÓN. A extraña viaxe	[P. 33]	
5 ás 20.30 h _Teatro Rosalía K PRODUCCIONES. Cantando bajo las balas	[P. 6]	
10 ás 20.30 h _Teatro Colón TALÍA TEATRO. Anfitríón ou E ti, quen vés sendo?	[P. 5]	
12 ás 19.00 h / 13 ás 12.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio TRES GLOBOS. Pedro e o lobo, singular versión	[P. 38]	
19 ás 19.00 h _Forum Metropolitano MAGO BENXAMIN. A maxia de Benxamin	[P. 39]	
19 ás 19.00 h / 20 ás 12.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio TANXARINA TÍTERES. Titiricircus	[P. 39]	
24 ás 20.30 h _Teatro Colón TEATRO DE NINGURES. Misericordia	[P. 11]	
26 ás 19.00 h / 27 ás 12.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio THE PINGA TEATRO. Unha rosa no xardín	[P. 39]	
27 ás 19.00 h _Forum Metropolitano _ VOLTA E DALLE TEATRO <i>Pan. Catro propostas arredor da malla</i>	[P. 24]	

MAIO		
3 ás 19.00 h _Forum Metropolitano CHRYSTYAN MAGIC. Segredos dun mago	[P. 42]	
11 ás 17.30 h _Forum Metropolitano TANXARINA TÍTERES. Sombreiros sen chapeu	[P. 39]	
16 e 17 ás 20.30 h _Forum Metropolitano _ 40PASOS <i>O ridículo desamor dun home máis ou menos normal</i>	[P. 24]	
XUÑO		
29 ás 20.30 h _Teatro Colón _ TEATRO GALILEO. Náufragos	[P. 11]	
AMES		
XANEIRO		
25 ás 21.00 h _Casa da Cultura de Bertamiráns SARABELA TEATRO. Margar no pazo do tempo	[P. 11]	
27 ás 17.00 h _Casa da Cultura do Milladoiro PRODUCCIÓNS ACONTRABUTACA. Robin Hood	[P. 38]	
FEBREIRO 08		
15 ás 21.00 h _Casa da Cultura do Milladoiro MOFA E BEFA. Sempre ao lonxe	[P. 24]	
24 ás 17.00 h _Casa da Cultura de Bertamiráns CARAMUXO TEATRO S. C. Lazarillo	[P. 33]	
MARZO		
16 ás 17.00 h _Casa da Cultura do Milladoiro ARTELLO TEATRO ALLA SCALA 1:5. Unha de amor	[P. 39]	
28 ás 21.00 h _Casa da Cultura de Bertamiráns TEATRO DE NINGURES. Emigrados	[P. 7]	
30 ás 17.00 h _Casa da Cultura de Bertamiráns MIGALLAS TEATRO. Un avó especial	[P. 39]	
ABRIL		
11 ás 21.00 h _Casa da Cultura do Milladoiro FULANO, MENGANO E CITANO. Arte	[P. 5]	
13 ás 17.00 h _Casa da Cultura de Bertamiráns TALÍA TEATRO. Mundos contados	[P. 38]	
25 ás 21.00 h _Casa da Cultura de Bertamiráns TEATRO DO MORCEGO. O club da calceta	[P. 24]	
27 ás 17.00 h _Casa da Cultura do Milladoiro OS MONICREQUES DE KUKAS. Un agasallo para Xaquín	[P. 39]	
MAIO		
9 ás 21.00 h _Casa da Cultura do Milladoiro _ VOLTA E DÁLLE TEATRO. Pan. Catro propostas arredor da malla	[P. 24]	
11 ás 17.00 h _Casa da Cultura de Bertamiráns TÍTERES CACHIRULO. Do, re, mi, Mozart xoga aquí	[P. 33]	
18 _Casa da Cultura do Milladoiro SAPRISTI. Ó son das cousas	[P. 38]	
30 ás 21.00 h _Casa da Cultura de Bertamiráns BACANA. Hendaya mon amour	[P. 9]	
XUÑO		
13 h _Casa da Cultura do Milladoiro TEATRO GALILEO. Náufragos	[P. 11]	
ARTEIXO		
XANEIRO		
4 ás 20.30 h _Centro Cívico Cultural PRODUCCIÓNS ACONTRABUTACA. Robin Hood	[P. 38]	
11 ás 20.30 h _Centro Cívico Cultural DISQUE DANZA. Menú vexetal (dáme verde)	[P. 38]	
18 ás 20.30 h _Centro Cívico Cultural TÍTERES CACHIRULO. Do, re, mi, Mozart xoga aquí	[P. 33]	
25 ás 20.30 h _Centro Cívico Cultural TALÍA TEATRO. O merlo branco	[P. 38]	

FEBREIRO

1 ás 20.30 h _Centro Cívico Cultural	
CHRYSTYAN MAGIC. <i>Entroido máxico</i>	[P. 41]
8 ás 20.30 h _Centro Cívico Cultural	
LA IMAGINA MACHINA. <i>A habitación da maxía</i>	[P. 39]
15 ás 20.30 h _Centro Cívico Cultural	
MAGO NORBERTO. <i>Xogos máxicos</i>	[P. 42]
22 ás 20.30 h _Centro Cívico Cultural	
JAVIER MURO. <i>Maxilusión</i>	[P. 42]
29 ás 20.30 h _Centro Cívico Cultural	
MAGO XACOB E SANZ. <i>Ilusións máxicas 2008</i>	[P. 42]

AS PONTES

XANEIRO

3 ás 18.30 h _Cine Alovi _ GALIT OO N. <i>Golulá</i>	[P. 33]
--	---------

MARZO

28 ás 18.00 h _Cine Alovi	
TEATRO ALLA SCALA 1:5. <i>Unha de amor</i>	[P. 39]

ABRIL

4 ás 18.00 h _Cine Alovi _ SAPRIST I. <i>Ó son das cousas</i>	[P. 38]
11 _Cine Alovi _ DISQUE DANZA. <i>Menú vexetal (dáme verde)</i>	[P. 38]

BETANZOS

FEBREIRO

17 ás 20.30 h _Aula Municipal de Cultura	
ARTESÁN TEATRO. <i>Estoraque, o indiano</i>	[P. 7]

MARZO

9 ás 20.30 h / 10 ás 12.00 h _Aula Municipal de Cultura	
TEATRO DEL ANDAMIO. <i>A lingua das bolboretas</i>	[P. 4]

ABRIL

13 ás 20.30 h _Aula Municipal de Cultura	
LAGARTA LAGARTA. <i>As últimas lúas</i>	[P. 6]

MAIO

11 ás 20.30 h _Aula Municipal de Cultura	
TEATRO DE NINGURES. <i>Emigrados</i>	[P. 7]
18 ás 20.30 h _Aula Municipal de Cultura _ VOLTA E DALLE	
TEATRO. <i>Pan. Catro propostas arredor da malla</i>	[P. 24]

BOIRO

XANEIRO

18 ás 20.00 h _Casa da Cultura Ramón Martínez López	
GALIT OO N. <i>Golulá</i>	[P. 33]

FEBREIRO

22 ás 20.00 h _Casa da Cultura Ramón Martínez López	
CARAMUXO TEATRO S. C. <i>Lazarillo</i>	[P. 33]
29 ás 21.00 h _Casa da Cultura Ramón Martínez López	
amor– que axudan a potenciar as habilidades básicas dos máis cativos empregando elementos de interactividade.

No escenario é crucial o sentido do ritmo, o humor, a música, as cancións que ás veces interpretan os personaxes, os efectos sonoros, os protagonistas. Todo para conseguir captar a atención dos pequenos e poder así xogar coa súa imaxinación, fascinalos á vez que se lles transmiten unha serie de valores educativos.


“Golulá é, por exemplo, un conto que chega a todo o mundo. A nosa filosofía é que a xente vaia soñar ao teatro. Podes meterse nun mundo diferente, nunha historia diferente e que a xente, os nenos, crean nese personaxe, que participen, que se impliquen, que se metan na historia”, argumenta a directora da compañía.

Galitoon compaxina o seu traballo en teatro coa televisión, un medio para o que preparan unha serie de programas educativos. “Na tele é cuestión de gravar e xa está, pero en teatro, desde a primeira vez que te enfrontas ao espectáculo ata a última, hai unha evolución tremenda. Estás en vivo e en directo, cos nenos, vendo como respiran, e iso é o máis bonito. Tes o público en directo e, función a función, vas dándolle matices á obra dependendo de como responde o público, porque hai cousas que poden funcionar mellor do que esperabas e outras non tanto”, confesa.

A literatura infantil, que desde pequenos se debe potenciar, é moi rica en historias e contos; quizais nun futuro os personaxes de Galitoon poidan tamén formar parte dela. Polo de agora, os plans da compañía pasan por crear unha escola na que ensinar as técnicas de construción e manexo das marionetas para propiciar unha pequena canteira de artistas.







NADARÍN
Títeres Tropicalllo

Autora: Cristina Ferreirós / Dirección: Plamen Dipchikov
Elenco: Marián González e Luís González / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Nadarín, un pequeno peixe de papel, consegue escapar da destrución e meterse no mar, converténdose ao momento nun peixe de verdade. Está só, pero é moi observador para sobrevivir. Coñecerá a amizade ao coincidir con pequenos peixes, centolas, ostras, cabaliños de mar, baleas... pero, tamén, o medo cando, xogando, Nadarín e o seu amigo provoquen a aparición do Peixe Enorme, capaz de devoralos. Un inesperado encontro de Nadarín coa balea daralle a solución e aprenderá que a solidariedade é clave para vivir en sociedade.

+info. en: <http://www.tropicalllo.com>



O GATO SIMPLE
Títeres Cascanueces

Autor: Fidel Galbán / Dirección: Lázaro Duyos
Elenco: (manipuladores) Lázaro Duyos e Xurxo Troncoso
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Esta é a historia do Gato Simple, un gato tan simple, tan simple que non sabía que cousa era un rato, porque só se preocupaba de comer e de durmir. Por iso é tan simple. Grazas á súa preguiza e á súa ignorancia, o rato faise dono da cociña e está a piques de deixala sen teito.

+info. en: <http://www.titeres-cascanueces.net>



O MAGO DE OZ
Os Quinquilláns

Autor: L. Frank Baum / Dirección: Kevin Jhon Stewart e Carolina Ramos / Elenco: Pablo Sánchez, Eva Vila, Zezilia Meléndrez, Xoán Curiel e Xurxo Vázquez / Xénero: Teatro infantil/Outros

Dorinda saíu voando despois de que un refacho de vento a elevara aos ceos. Cando aterrca coñece os Musquiños, pero, sobre todo, vive grandes aventuras con Espantallo, Home de Lata e León Covarde ata chegaren á Cidade Esmeralda, onde vive o Mago de Oz. Nesta aventura, Dorinda demostrará a súa astucia fronte á Bruxa Malvada e a súa tenacidade para conseguir volver á casa.



O MERLO BRANCO
Talía Teatro

Autor: Cándido Pazó / Dirección: Artur Trillo
Elenco: Marta Ríos, Toño Casais, Rosi Barcala, David Creus, Dani Trillo, María Ordóñez e Diego Rey
Xénero: Teatro infantil/Comedia

Papá Merlo e Mamá Merlo teñen un merliño. Que ilusión! Un merliño! Pero cando o merliño nace, que desilusión! Que contrariedade! É branco!!! Pero, como? Todos os merlos son negros! Todos os merlos son negros! Todos! O merliño, ao verse rexeitado polos seus pais, decide marchar da casa. É aquí cando comeza a aventura do noso merliño na busca de paxaros aos que asemellarse, porque, se non é un merlo, que é?



OS NARIGUDOS
Tanxarina Títeres

Autor: Terry Jones / Dirección: Cándido Pazó/Tanxarina
Elenco: Eduardo Rodríguez, Miguel Borines e Andrés Giráldez / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Na illa dos narigudos, todo son problemas. Pola culpa do seu enorme nariz, bailes e namoramentos rematan sempre en amargas disputas. Bartolo é escollido para ir á procura da solución á casa do Chas Tanda: “O home máis sabio do mundo”. Mais... Ai! A vida está chea de tentacións... E se puidese trocar o seu nariz por un máis pequeno?... Só o seu nariz...

+info. en: <http://www.tanxarina.com>



Ó SON DAS COUSAS
Sapristi

Autor: José Campanari

Dirección: José Campanari (escena) e Fernando Reyes (sonora) / Elenco: Nuria Sanz e Patricia Vázquez / Xénero: Teatro infantil/Musical

Ao son do vento, os bocexos, as croas das ras, o ladrido dun can, o repenique dunha gota, o tictac dun reloxo... Estes e outros moitos sons forman parte da linguaxe deste espectáculo. Sara e Berta, escoitadoras e colectoras de sons, andan de aquí para alá e xogan con canto son atopan ou recordan. Un espectáculo de clown para público de entre tres e cinco anos. Un xoguete escénico sonoro visual que fai unha viaxe lúdica por situacións cotiás ao son das cousas.

+info. en: <http://www.emedous.com>



MENOS LOBOS
Talía Teatro

Autor: Artur Trillo / Dirección: Artur Trillo
Elenco: Rosi Barcala, Marta Ríos, Xurxo Barcala e Gustavo G. Dieste / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Jennifer, Christopher e Jonathan son tres nenos de sete anos que van á casa da súa amiga Jessica a celebrar o seu aniversario, pero que se atopan coa noticia de que a festa é mañá. *Menos lobos* é un espectáculo áxil onde o ritmo trepidante dos seus diálogos intentará en todo momento captar a atención do público infantil.



MENÚ VEXETAL (DÁME VERDE)
Disque Danza

Autora: Paula Carballeira / Dirección: Carmela Bueno e Alfredo Rodríguez / Elenco: Carmela Bueno, Olivia Maté, Paula Cobián, Olga Cameselle (bailarinas); Nuria Gullón (actriz) / Xénero: Danza/Outras

O verde é a cor da paisaxe con boa saúde. Verde é a vida. Verdes son os ollos dos gatos negros, que anuncian misterios. Verdes son as herbas que curan e as herbas que matan. Verde é a cor da maxia da menciñeira. Daquela, por que o verde non é a cor da comida que anuncia misterios, a comida con maxia, a comida que pide aventura? Agora ti, despois do que che dixer, descubre que se pode xogar coa comida, que se poden mesturar sabores imposibles, combinar cores, tragar palabras...



MUNDOS CONTADOS
Talía Teatro

Autora: Paula Carballeira / Dirección: Paula Carballeira
Elenco: Marta Ríos / Xénero: Teatro infantil/Outros

Din que cada persoa é un mundo, pero Samba, a nosa protagonista, garda varios mundos dentro dela. Din que a Terra tamén é un mundo, pero se nela viven milleiros e milleiros de persoas, en realidade a Terra son milleiros de mundo diferentes. Samba vai escoller uns poucos para contarnos as súas historias. O que si conservamos son os seus contos. Xa se sabe, mentres hai memoria... hai esperanza. Un espectáculo que tenta reflexionar sobre a diversidade cultural do planeta



PEDRO E O LOBO, SINGULAR VERSIÓN
Tres Globos

Autor: Xan Pérez / Dirección: Xan Pérez
Elenco: Xan Pérez
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Singular versión do conto do pastor troleiro, para público infantil e non tan infantil.

+info. en: <http://www.tresglobos.es>



QUÉ PASA EN LA PLAZA III
Pablo Nojes e Páprika Teatro

Autor: Pablo Nojes / Dirección: Pablo Nojes
Elenco: Pablo Nojes / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Un xograr presenta unha galería de personaxes que protagonizan diferentes historias no ámbito dunha praza: un pallaso que loita por poñer o nariz e se namora dunha flor; un concertista de frauta e a inesperada interrupción dun ximnasta; un vendedor de mel que caza sons nos seus frascos...; e outros como o Mestre Doménico Gargantoni, cantante lírico, quen debe superar con paciencia as reiteradas interrupcións do señor Anselmo, un espírito cándido cheo de avidez polo coñecemento.

+info. en: <http://www.pablonojes.com>



ROBIN HOOD
Produccións Acontrabutaca

Autor: Wonderland Group / Dirección: Xosé Lueiro
Elenco: Nuria Sanz, Patricia Vázquez, Rocío González, Ana Puente e Fran Ameixeiras
Xénero: Teatro infantil/Musical

Logo de cinco anos nas cruzadas, Robin volve á súa vila natal con idea de gozar dun merecido descanso. Ao pouco de chegar, descobre con sorpresa que o malvado príncipe Xoán, que tenta facerse co trono, está explotando a vila de Nottingham con abafantes impostos e trata de concertar a voda coa súa curmá Lady Marian. A aparición de Robin, xunto a Trasno e Little John, fará que as cousas ocorran de forma moi distinta.

+info. en: www.culturactiva.org



SEN TITULO 4x8x6 (TÉCNICA MIXTA SOBRE O ESCENARIO)
Os Monicreques de Kukas

Autor: Marcelino de Santiago (Kukas) / Dirección: Isabel Rey e Kukas / Elenco: Marcelino de Santiago, Helena Fernández, Alba Fernández, Alberte Viveiro, Isabel Rey, Miguel Cabaleiro e Xosé Manuel Botana / Xénero: Teatro infantil

Espectáculo que, mesturando actores e monicreques, nos permite facer unha viaxe polo mundo da arte introducindo o espectador no proceso da creación artística, nese momento máxico en que da nada xorden o xesto e as formas, e as cores e o movemento crean figuras e espazos en que os sons se van convertendo en música e harmonía, no que a palabra se converte en poesía e canto, e no que, animadas pola música, as esculturas cobran vida converténdose en monicreques.

+info. en: <http://kukas.biocultural.net/>



SOMBREIROS SEN CHAPEU
Tanxarina Títeres

Autor: Tanxarina / Dirección: Eduardo R. Cunha “Tatán” e Miguel Borines / Elenco: Miguel Borines, Andrés Giraldes e Eduardo R. Cunha “Tatán” / Xénero: Teatro infantil/ Monicreques

Tres sombreiros, construtores de sombras, lévannos da súa man a un espectáculo músico-visual composto de pequenas historias onde personaxes como Charlot, o camiñante, a cantante de ópera, o manipulador de monicreques e outros van facer as delicias de pequenos e grandes.

+info en: www.tanxarina.com



TITIRICIRCUS
Tanxarina Títeres

Autor: Tanxarina / Dirección: Tanxarina
Elenco: Eduardo Rodríguez Cunha e Miguel Borines Fernández / Xénero: Teatro infantil/ Monicreques

Titirircus é o sétimo espectáculo de Tanxarina Títeres: xira no mundo tolo e nómade do circo de rúa, os seus personaxes, as súas historias... Trátase dunha lembranza fantástica e festiva do grande circo da carpa alta e bicolor, a historia de dous vellos traballadores daquel circo que lembran agora con marionetas de fíos as glorias do seu pasado na pista.

+info. en: <http://www.tanxarina.com>



UN AGASALLO PARA XAQUÍN
Os Monicreques de Kukas

Autor: Marcelino de Santiago (Kukas) / Dirección: Isabel Rey Pousada / Elenco: Marcelino de Santiago (Kukas), Miguel Cabaleiro Saco, Noé Orosa Díaz e Isabel Rey Pousada / Xénero: Teatro infantil/ Monicreques

Espectáculo creado por proposta do Instituto Galego de Consumo que conta a historia de Xaquín, un neno consumista e caprichoso que só se alimentaba de larpeiradas e mercaba sen xeito ata que o día do seu aniversario vive un pesadelo que o fará reflexionar sobre a súa actitude cambiando os seus hábitos de vida.

+info. en: <http://kukas.biocultural.net/>



UN AVÓ ESPECIAL
Migallas Teatro

Autor: María Campos e Carlos Yus / Dirección: María Campos / Elenco: María Campos e Carlos Yus
Xénero: Teatro infantil/ Outros

Abórdase a enfermidade de Alzheimer para axudar a comprender situacións que poden vivir moitas familias. Cun enfoque humorístico, para fomentar actitudes optimistas coas que afrontar os problemas da doenza e amosar a importancia que teñen os nenos para que os maiores vivan momentos felices. A relación dos nenos cos avós, transmisores da sabedoría tradicional de cada pobo, fronte á uniformidade cultural. Os ditos tradicionais, lerías e enredos son un elemento máis da obra.

+ info. en: www.migallas.com



UNHA DE AMOR
Artello Teatro alla Scala 1:5

Autores: Manuel Pombal, Rosa Hurtado e Santiago Montenegro / Dirección: Manuel Pombal / Elenco: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro / Xénero: Teatro infantil/ Monicreques

Os animais que habitan nunha pequena vila viven atemorizados pola inquietante presenza dun veciño díscolo, o Gato Gaiado. A el atribúenlle os máis horrendos crimes e a orixe de todas as desgrazas que alí acontecen. Coa chegada da primavera, unha andoriña nova e ousada consegue o nunca visto: ante o estupor de toda a veciñanza, o Gato Gaiado sorriu. A partir dese momento, desenvólvese unha relación entre o Gato e a Andoriña que convulsiona esa sociedade.

+info. en: <http://www.artello.com>



UNHA ROSA NO XARDÍN
The Pinga Teatro

Autor: Miguel Condal / Dirección: Miguel Condal
Elenco: María Carrera, Miguel Condal e Suso Pando
Xénero: Teatro infantil/ Outros

Un bo día, unha rosa nace no xardín dunha casa antiga e abandonada. Alí coñecerá un can pouco ladrador tan antigo como a casa, Can Can; uns paxariños un pouco enredantes, Coto e Loro; e unha serpe moi simpática, ou, máis ben, dúas serpes: Serpe de Serpentes e a aventureira Serpentiña de Cerveira, “Tiña” para os amigos. Todos eles vivirán unha historia chea de emocións e momentos persoais e non tan persoais.



VIDA, CRIMES E PRISIÓN DE TORIBIO DE MAÑÓN
Viravolta Títeres

Autor: Viravolta Títeres / Dirección: Anxo García Fernández / Elenco: Pilar Álvarez e Julio Balado
Xénero: Teatro infantil/ Monicreques

As aventuras e desventuras de Mamede Casanova, alias Toribio, famoso bandoleiro galego de finais do século XIX que inspirou *Las galas del difunto* a Ramón Mª del Valle Inclán.

+info. en: <http://www.viravolta.es>



A HABITACIÓN DA MAXIA
La Imagina Machina

Autor: Mago Romondi / Dirección: Mago Romondi
Elenco: Mago Romondi / Xénero: Maxia

La Imagina Machina presenta o seu primeiro espectáculo de maxia, da man do veterano mago Romondi. O mago Romondi practica todo tipo de maxia, aínda que é un experto na maxia de preto. Este espectáculo ofrece un percorrido divertido e ameno polas diferentes variedades da maxia. Un espectáculo para todos os públicos.

+info. en: www.laimaginamachina.com



A MAXIA DE BENXAMÍN
Mago Benxamín

Autor: Benxamín Fernández Penedo
Dirección: Benxamín Fernández Penedo
Elenco: Benxamín Fernández Penedo
Xénero: Maxia

Forman parte do espectáculo aparicións e desaparicións, pombas, panos, bastóns... Tamén forman parte do actualizado espectáculo: escapismos, grandes ilusións, humor (moito humor), participación interactiva co público, e como final un zigzag que sempre resulta do máis espectacular.



A NOSA MAXIA
Cyrille Sinclair de Magia a la Carta

Autor: Cyrille Sinclair / Dirección: Cyrille Sinclair
Elenco: Cyrille Sinclair / Xénero: Maxia

Singular percorrido pola maxia do século XX, é unha homenaxe ás grandes lendas da maxia que son fonte de inspiración da maior parte dos magos na actualidade. Slydini e Fred Kaps soben a escena nas mans de Cyrille Sinclair; e a participación dos espectadores completará o triángulo máxico de *A nosa maxia*. Os efectos combinados con pezas musicais transformarán os minutos en momentos de gozo intemporal ao contemplar a beleza e o misterio.

+info. en: <http://www.magiaalacarta.com>



ARMAS BAIXO CONTROL
Creacións Máxicas

Autor: Xoán C. Laxe / Dirección: Mago Antón
Elenco: Mago Antón, Ángel Casanova, Sara Alonso, Xesús Alvaríño, Xosé Manuel Carballo, Alfonso Hernández / Xénero: Maxia

A sombra dunha vítima escapa ante a mirada do público dunha choiva de disparos. Só a maxia pode converter o chumbo en flores. Todo isto e moito máis acontecerá en *Armas baixo control*. O Mago Antón demostra ao longo do espectáculo que a maxia da solidariedade é forte abondo para virar o futuro e facer que onde había armas haxa ilusións, onde morte, luz... e mesmo enfrontarse a peito descuberto a unha bala asasina que atravesara unha copa de vidro antes de a deter cos seus propios dentes...

+info. en: <http://www.magoanton.com>



CON TODO CORAZÓN

Luis Boyano

Autor: Luis Boyano / Dirección: Luis Ángel Vázquez López
Elenco: Luis Boyano / Xénero: Maxia

Espectáculo familiar en que os nenos son os protagonistas sen esquecer os pais, que participan activamente ao longo da peza. Os xogos de maxia teñen como base o humor, que é o segredo do espectáculo. Cada unha das comedias de situación que se crean improvisadamente no palco, aderezadas con elementos de mimo, clown e texto, xogos con panos, botellas, cordas, ovos, xornais... Un espectáculo con moitos risos, moita improvisación e moito corazón.



COUSA DE MAXIA

Dani García

Autor: Dani García / Dirección: Dani García
Elenco: Dani García / Xénero: Maxia
Espectáculo de ilusionismo onde todo é posible. O lume aparece e desaparece, os obxectos móvense sos, créase unha nova vida e as ilusións non deixan de medrar. Todo é posible no fascinante mundo da maxia.
+info. en: www.danigarcia.net



DIVERTILANDIA

Cyrille Sinclair de Magia a la Carta

Autores: Cyrille Sinclair-Carlos Palacios
Dirección: Cyrille Sinclair / Elenco: Cyrille Sinclair
Xénero: Maxia

Espectáculo cheo de maxia e ilusión. O espectáculo musical caracterízase polo seu ritmo trepidante e a participación de todos os presentes. Os magos Carlos Palacios e Cyrille Sinclair deleitan o público cun espectáculo onde cada un deles combina os seus diferentes estilos á perfección. Carlos fai ventriloquia e grandes ilusións e con Cyrille os obxectos desaparecerán e volverán aparecer sen explicación para o deleite dos asistentes.
+info. en: <http://www.magiaalacarta.com>



A MAXIA PARA EMOCIONAR DE KIKO PASTUR

escola de maxia

Kiko Pastur apréndenos un xogo para principiantes:



O mago ofrécelle un billete á colaboradora, á que lle propón quedar cos cartos se el non é quen de adiviñar en que man o agacha.



De costas e cos ollos pechados, pídelle que garde o billete nunha man.



A espectadora debe poñer na fronte a man onde agacha o billete e concentrarse nel, un dos pasos do xogo no que o mago máis insiste.

O SEU NOME DE PÍA É FRANCISCO, OS SEUS APELIDOS, GARCÍA PASTUR, E O SEU NOME ARTÍSTICO, MAGO KIKO. LEVA A METADE DA SÚA VIDA DEDICADO Á MAXIA, CONVENCIDO DE QUE A ARTE DO ILUSIONISMO É CAPAZ DE ESPERTAR EN NÓS AS MÁIS PROFUNDAS SENSACIÓNS. ESTE MAGO CORUÑÉS, QUE COMEZOU NESTA ESPECIALIDADE XUNTO AO SEU IRMÁN ROMÁN E O FAMOSO CÓMICO LUIS PIEDRAHITA (COMPAÑEIROS DE TRASNADAS), ASEGURA QUE A MAXIA NON É PARA ANALIZAR, A PESAR DAS MOITAS PREGUNTAS QUE A CALQUERA QUE PRESENCIE UN ESPECTÁCULO DESTAS CARACTERÍSTICAS LLE POIDAN PASAR POLA MENTE, SENÓN QUE É UNHA ARTE PARA EMOCIONAR.

Non é unha cuestión de malabarismos nin de virtuosismo, di, senón da habilidade do mago para acadar que o segredo máis oculto do xogo permaneza invisible e, dalgún xeito, eclipsado pola simboloxía, as metáforas e outros elementos que axudan a estimular a imaxinación do espectador e a envolver de misterio e fascinación a percepción do xogo.

O mago é entón o narrador, unha simple testemuña do que está a ocorrer no escenario cando a maxia intervén como unha entidade que sucede a pesar del, ou un intermediario entre a mente e a imaxinación da súa audiencia e os obxectos que pon en xogo.

Considera que a realización do imposible é a esencia dun espectáculo de maxia e iso é o que cativa o público e o que induce o mago a tratar de tocar e de xogar con ese mundo onírico. “A maxia é a expresión dos soños no mundo real”, sinala. “Ese é o xogo ao que todo mago aspira, o demais son todo efectos”, di.

Aí é onde está a parte real do ilusionismo, no seu poder de producir emocións, “experiencias máxicas” que o espectador vive e sente como reais.

Sabedor desta premisa, Kiko Pastur é un gran coñecedor de moitos estilos de maxia, pero, entre eles, a maxia de preto é o que mellor domina polo grao de intimidade que establece co interlocutor.

O seu, di, é un estilo de maxia “máxica”. E con esta redundancia define o seu papel como mago, como ilusionista. “Para min é como se a maxia fose unha espiral e no centro da galaxia da maxia, onde máis brilla, están as emocións máxicas, que son o misterio, a intriga, a sorpresa... A linguaxe máxica é unha linguaxe como pode ser a pintura, a música, a danza, pero cando máis brilla para min é con estas emocións que son as máis características do ilusionismo”, reitera.

Por iso, para el é importante que o xogo siga un certo “ritual”, porque nesas emocións das que fala é onde está o sentido máis romántico da maxia, que agacha o misterio, a fantasía, a fascinación.

O Segundo Premio Nacional de Cartomaxia (Almería, 1999), o Terceiro Premio de Micromaxia (San Sebastián, 2002) e o Terceiro Premio no Campionato do Mundo de Maxia, na categoría de naipes de preto (Estocolmo, 2006) son algúns dos mellores recoñecementos á súa carreira artística.

Nos clásicos Robert Houdin e Ottokar Hofzinser e en nomes como Juan Tamariz, Anthony Blake, Pepe Carroll, David Copperfield ou o Mago Antón, ten os seus referentes polas súas contribucións a esta arte.

A aprendizaxe, asegura, é mutua e recíproca, afastada do secretismo de tempo atrás. O asociacionismo e o contacto con outros profesionais é, desde a súa opinión, a mellor maneira de avanzar na formación profesional dun mago, porque, confesa, axuda á confluencia creativa.

Considera que as posibilidades de produción actualmente son infinitas, desde as novas tecnoloxías aos métodos máis tradicionais; e o tecido de afeccionados é, tamén, cada vez máis grande, o que podería supoñer un risco para a profesión “cando o afeccionado se converte nun profesional que non respecta a maxia ou non a traballa como algo serio”, precisa.

Teno claro: a maxia en Galicia está en pleno despegue, considerada como unha arte escénica máis e “en disposición de ofrecer grandes espectáculos teatrais”.



ENTROIDO MÁXICO

Chrystyan Magic

Autor e director: Chrystyan Magic / Elenco: Chrystyan Magic, Sonya Lago e Chispi / Xénero: Maxia

Este é un espectáculo resultado da combinación de diferentes artes escénicas cunha primeira parte baseada na maxia e o ilusionismo de Chrystyan Magic na que faremos xogos de prestidixitación coa participación de todo o público, viaxaremos nun conto máxico ao castelo da princesa para rescatala do dragón malvado... E volveremos á realidade para achegar a cativos e maiores ao escenario e facelos partícipes da obra coa colaboración da nosa pallasina Chispita e a súa escola de danza.

+info.en: <http://www.chrystyan-magic.com>



ILUSIÓN

Ilusionista Pedro Volta

Autor: Pedro Volta / Dirección: Pedro Volta
Elenco: Pedro Volta / Xénero: Maxia

Un espectáculo abraiante en que Pedro Volta realiza unha maxia altamente visual combinada con historias máxicas. Un dos números do espectáculo foi seleccionado para aparecer nos extras do DVD da exitosa película *O Ilusionista*, protagonizada por Edward Norton. Un espectáculo de ilusionismo en que o público de todas as idades gozará durante unha hora e cuarto.

+ info. en: <http://www.pedrovolta.com>



ILUSIONA2 BÁSICO

Mago Xacobe Sanz

Autores: Jacobo Sánchez Carro e Juan Gallego Luque
Elenco: Xacobe Sanz Gallego / Xénero: Maxia

Show teatral, dramatizado, en que os artistas, como personaxes dunha comedia, dialogan, enfróntanse a conflitos, producen humor e van deixando, a medida que se desenvolven os acontecementos, potentes efectos de maxia. Será memorable xa que, ademais, estarán representadas as diferentes especialidades ilusionistas: maxia clásica e maxia mental. Maxia cómica, porque a meirande parte dos xogos teñen un elevado contido de humor.

+info. en: <http://www.magoxacobe.com>



Despois diso, as mans báixanse á altura da cintura.



Xa coas mans á fronte, o mago sinala aquela na que cre que está escondido o billete.



Bingo!

Queres saber como o adivinou? Atopa a solución agochada neste número de *Paraíso*.



ILUSIÓNS MÁXICAS 2008
Mago Xacobe Sanz

Autor: Jacobo Sánchez Carro / Elenco: Mago Xacobe
Xénero: Maxia

Espectáculo humorístico de intriga, evasións, adiviñacións, revelacións e algunha que outra levitación en que a interacción co público resulta fundamental. A combinación das distintas ramas da maxia dá como resultado un espectáculo ideal para todos os públicos, ideal para o familiar.

+info. en: <http://www.magoxacobe.com>



MAXIA PARA SOÑAR
Mago Cali

Autor: Mago Cali / Elenco: Mago Cali / Xénero: Maxia

Dinámico, increíble e totalmente interactivo. Un espectáculo para soñar espertos. Combínanse distintas especialidades da maxia: de salón, manipulación, mentalismo, dando cabida tamén ás artes afíns (malabares).



POR ARTE DE MAXIA
Mago Romarís

Autor: Antonio Romarís Lens / Dirección: Antonio Romarís Lens / Elenco: Antonio Romarís Lens
Xénero: Maxia

Adaptación para a súa representación en teatros do primeiro espectáculo de escena do Mago Romarís, que ata agora só se viña realizando ao aire libre no seu propio escenario.



TOLEMAXIAS
O Mago Teto

Autor: Héctor García / Dirección: Héctor García
Elenco: Mago Teto / Xénero: Maxia

Trátase dunha longa viaxe polas distintas especialidades da maxia, dende grandes ilusiós ata mentalismo; dende maxia cómica ata manipulación e maxia de preto (esta última, grazas á incorporación no espectáculo dunha pantalla de 2 metros e os métodos audiovisuais máis modernos), que fan posible que os espectadores poidan presenciar grandes milagres con pequenos obxectos tales como moedas, cartas ou navallas.

+info.en: <http://www.magoteto.com>



LABERINTO DE ILUSIÓNS
Román García

Autor: Román García / Dirección: Román García
Elenco: Román García / Xénero: Maxia

Espectáculo que atrapa os espectadores de principio a fin. A participación do público produce situacións cómicas e misteriosas, con aparicións e desaparicións de todo tipo de obxectos, transformacións e cambios de cor, viaxes imposibles, adiviñacións... Cando todo remate, ninguén quere saír deste labirinto máxico.



MAXILUSIÓN
Javier Muro

Autor: Javier Muro / Dirección: Javier Muro
Elenco: Javier Muro / Xénero: Maxia

É un número variado e divertido que combina o ilusionismo co humor para que os espectadores participen como improvisados axudantes. O público convértese en protagonista e no centro de atención do show, ata para a súa sorpresa, facendo realmente maxia. Ao mesmo tempo, succédense xogos de maxia sincronizados con música caracterizados pola manipulación de diversos obxectos tales como as bólas, aros, panos, flores...

+info. en: <http://www.javiermuro.es>



SEGREDOS DUN MAGO
Chrystyan Magic

Autor: Chrystyan Magic / Dirección: Chrystyan Magic
Elenco: Chrystyan Magic e Sonya Lago / Xénero: Maxia

Maxia de escena para toda a familia. Maxia, sorpresa, incredulidade, risos e, sobre todo, curiosidade... polos segredos que os magos gardan celosamente detrás da ilusión e as fantasías que anos e anos, e séculos!, despois seguen a marabillar e abraiar incluso o público máis suspicaz.

+info. en: <http://www.chrystyan-magic.com>



VIAXE MÁXICA
Chrystyan Magic

Autor: Chrystyan Magic / Dirección: Chrystyan Magic
Elenco: Manu Fraga e Sonya Lago / Xénero: Maxia

Espectáculo máxico-cómico-teatral moi visual en que faremos unha viaxe no espazo e no tempo visitando ancestrais culturas para descubrir o seu reverso máxico... Magos medievais que atrapan estrelas, mestres orientais que lle dan vida ao papel, máxicos duelos no afastado oeste. Únete a nós nesta aventura!

+info.en: <http://www.chrystyan-magic.com>



MAXIA E ILUSIONISMO
Mago Pablo

Autor: Pablo Alejandro Fariña Velo / Elenco: Mago Pablo
Xénero: Maxia

Espectáculo de maxia coa participación do público, maxia con pombas, levitacións, mentalismo... Máis de 20 anos de experiencia como mago, máis de 4.000 actuacións. Para todos os públicos.



PERTO DE TI
O Mago Teto

Autor: Héctor Guerra / Dirección: Abracadabra Produccións S.L. / Elenco: Mago Teto / Xénero: Maxia de cerca (close-up)

Pequenos obxectos que fan posibles grandes milagres: cartas que cobran vida nas mans do mago, moedas que danzan entre os dedos, navallas que cambian de cor cunha mirada..., son algunhas das cousas que poden presenciar nesta hora de maxia en estado puro. Espectáculo pioneiro en Galicia co emprego das técnicas audiovisuais necesarias para que o espectador goce dun show de maxia de cerca en teatros e auditorios.

+info. en: <http://www.magoteto.com>



SONATA MÁXICA
Javier Muro

Autores: Javier Muro e Cyrille Sinclair / Dirección: Javier Muro e Cyrille Sinclair / Elenco: Javier Muro e Cyrille Sinclair / Xénero: Maxia

Espectáculo máxico-musical onde os obxectos e bonecos cobran vida e comezan interactuar e falar cos magos Javier Muro e Cyrille Sinclair, e dan entrada a todo tipo de ilusiós máxicas que sorprenderán o público cun amplísimo e variado repertorio de xogos. Doutra banda, destaca a participación dos rapaces en varios efectos, vestíndolos de magos e facendo eles mesmos a maxia.

+info. en: <http://www.javiermuro.es>



XOGOS MÁXICOS
Mago Norberto

Autor: Norberto Kolb / Dirección: Norberto Kolb
Elenco: Norberto Kolb / Xénero: Maxia

Espectáculo de ilusionismo composto por unha serie de rutinas moi visuais con cordas, aros, cartas grandes e pequenas, moedas de ata 18 cm, bólas e un xogo final con neve e abano en que aparece un vaso cheo de auga. Algúns xogos están combinados con música e coa participación do público.

+info. en: <http://www.magonorberto.com>

A APOSTA ESTÁ NA DANZA CONTEMPORÁNEA, NA SÚA CAPACIDADE INMENSA DE INNOVAR, DE SUBVERTER OS CÓDIGOS ESTABLECIDOS E POTENCIAR OS NIVEIS DE EXPRESIÓN E CREATIVIDADE PARA REPRESENTAR CONCEPTOS, IDEAS QUE CHEGUEN DE XEITO MÁIS DIRECTO AO ESPECTADOR. O COREÓGRAFO E BAILARÍN DANIEL ABREU E O CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO SUMAN ESFORZOS E PRESENTAN *NEGRO*, ÚLTIMA CREACIÓN DO ARTISTA E NOVA COPRODUCCIÓN PARA A ENTIDADE DA CONSELLARÍA DE CULTURA E DEPORTE. O RESULTADO DESTA COLABORACIÓN, QUE XORDE CO PANO DE FONDO DO VIGUÉS TEATRO ENSALLE, PODERÁ VERSE NOS VINDEIROS MESES EN NUMEROSOS ESCENARIOS GALEGOS.

DANIEL ABREU

FUNDIDO A

NEGRO

Daniel Abreu, bailarín e coreógrafo de orixe canaria, é o artífice dunha nova coprodución do Centro Coreográfico Galego (CCG) que ten por título *Negro*, un espectáculo de danza contemporánea que levan a escena o propio autor e tres bailarinas galegas: Andrea Quintana, Janet Novás e Anuska Alonso. Trátase dun traballo artístico no que o corpo se erixe como único instrumento motor de toda sensación. Abreu segue a mesma pauta que utilizou noutras das súas creacións anteriores, nas que focaliza a intensidade do discurso en cada movemento e expresión que parten do corpo dos intérpretes. Con todo, desta vez o canario deixa a un lado o pretendido erotismo ou o exotismo para amosarnos a plenitude do corpo na acción do día a día e nun escenario que emana o cotián.



Se o proxecto comezou e se desenvolveu como un proceso de busca, un dos achados fundamentais está na música orixinal que acompaña o espectáculo, creada especialmente para complementar a expresividade artística da obra por tres compositores de raíces tan dispares como Madrid e Tokio, e dos que o propio Abreu tiña referencias profesionais que resultaron ser definitorias para implicalos no seu traballo. Estamos a falar de Miguel Gil, madrileño afincado en Bruxelas, do xaponés Masahiro Hiramoto e do autor cubano-xaponés, aínda que residente en Madrid, Hara Mori.

“É a primeira vez que traballamos con música orixinal destes tres autores que non coñecen o noso traballo, pero eu si coñezo o seu. Era unha maneira de implicalos de forma indirecta, ao non traballar directamente con eles pero si coa súa música, creada especialmente para a obra. Iso supón un risco, si, pero tamén motiva esa idea de ‘a ver que pasa’”, apunta Abreu.

O Centro Coreográfico Galego apadriña a montaxe dándolle o seu pulo definitivo, o que, segundo o bailarín, supuxo unha forma de mellorar a capacidade organizativa da compañía e a planificación do traballo. “Sabíamos da fundación do CCG aquí en Galicia e era bastante tentador coñecelo. Entón xurdiu a idea porque, como o equipo é galego, puxémonos

O AUTOR DEFENDE A NECESIDADE DE QUE EN ESPAÑA XURDAN ENTIDADES COMO O CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO PARA DOTAR DE CONSIDERACIÓN UNHA ARTE ESCÉNICA COMO A DANZA, QUE EL ENTENDE COMO ‘APARTADA’ DOUTRAS ARTES

a facer contactos e finalmente saíu adiante”, relata. “Quedamos encantados porque nos atopamos con algo claro e directo, unha proposta que abrangue desde o apartado de xestión ata o artístico, que implica o traballo de compañía nunha organización máis clara e definida. A coprodución fai que a base da empresa sexa moito máis segura”, engade.

Daniel Abreu iniciou a súa vinculación artística con Galicia da man de Ana Vallés, fundadora da compañía Matarile Teatro, coa que o bailarín e coreógrafo canario colaborou nalgũa das súas producións e no festival En Pé de Pedra. De forma paralela, Abreu coñeceu as bailarinas que agora conforman o elenco de *Negro*, coas que xa traballara individualmente en ocasións puntuais e que agora coinciden neste espectáculo: Janet Novás, do Porriño; Anuska Alonso, de Vigo, e Andrea Quintana, da Coruña.

Satisfeito polo resultado e pola experiencia de poder contar co apoio do CCG, o autor defende a necesidade de que en España xurdan entidades como o Centro Coreográfico Galego para dotar de consideración unha arte escénica como a danza, que el entende como “apartada” doutras artes; pero, tamén, como unha forma

de acabar co que o coreógrafo chama “orfanade dos bailaríns”.

“Nós, polo xeral, nunca temos casa, nunca temos sitios aos que acudir como bailaríns, como profesionais, e unha vez que se crean centros como o CCG, iso fai que moitísima xente que está traballando aquí teña un sitio”, confesa Abreu. “A coprodución é importante polo feito de que nos acolle como bailaríns, como profesionais, que é o que realmente somos (...) Acóllenos a nivel económico, de xestión, de planificación de empresa, a nivel de seguridades sociais e a nivel artístico, porque tamén iso abarca”, di.

Janet Novás, que forma parte do elenco de *Negro*, exprésase de forma similar á hora de valorar a oportunidade de participar nesta coprodución. “No noso caso persoal, as tres marchamos de Galicia buscando o que agora empeza a xurdir aquí”, recoñece. “Cando comecei pensei que nunca habería a posibilidade de volver a Galicia e, de súpeto, si o conside-



ras porque ves que están a pasar cousas. Eu aínda estou aprendendo e facendo proxectos, pero sei que nalgún momento poderei ofrecer aquí todo o que estou a coñecer fóra e achegar o pouco ou o moito que teño aprendido por aí”, sinala.

“É a oportunidade de que se vexa un pouco o que fomos aprender a Madrid e a outras cidades porque aquí non tivemos a oportunidade de adquirir eses coñecementos”, considera a outra bailarina do espectáculo, Anuska Alonso.

Sabedores da importante función que desempeñan entidades como o CCG para a promoción desta disciplina artística e de que cada representación dun espectáculo supón unha constante conquista de espectadores, o equipo de intérpretes de *Negro* destaca o que entenden como a parte máis atractiva das artes escénicas.

“O que dan os teatros que non dá outro lugar é a naturalidade e a proximidade dos traballos

que se representan. O que está pasando é de verdade, non hai engano, non hai mentiras, e as propostas que se fan son máis directas. Nas artes escénicas en xeral o que pasa non o viwes na cabeza, senón diante de ti, porque está aí presente”, explica Abreu. “Dalgún xeito, o teatro en xeral é o reflexo da sociedade de hoxe en día, é o arquivo histórico dunha época pero en presente”.

Director e bailarinas móstranse conscientes de que o estilo contemporáneo nunha arte, neste caso a danza, non está falto de provocación, que impresiona o espectador e o induce a cuestionarse a idea ou o concepto que esa determinada obra pon de manifesto.

Andrea Quintana, bailarina de *Negro*, di ao respecto: “Hai xente que pensa que o contemporáneo se afasta moito do público e eu creo que o interesante, o importante, é o ollo observador que é capaz de absorber algo que sucede e que nunca se vai volver repetir desa maneira que é tan efémera. Iso é o máis máxico do

“OS TRABALLOS CONTEMPORÁNEOS ESTÁN MÁIS LIGADOS AO CONCEPTO, Á SINXELEZA, A UNHA PALABRA OU A UNHA COR. SIMPLEMENTE É O PRACER DE OBSERVAR ALGO MOITO MÁIS PEQUENO, MÁIS SIMPLE E NON TAN NARRATIVO”

teatro e a danza, que endexamais se vai volver repetir igual”.

Ser espectador de teatro, de calquera arte escénica, require dun papel activo, especialmente cando se trata dun estilo contemporáneo onde non hai unha estrutura narrativa claramente definida. “A comprensión da obra dunha maneira máis clásica estaba ligada á narrativa do texto e os traballos contemporáneos están máis ligados ao concepto, á sinxeleza, a unha palabra ou a unha cor. Simplemente é o pracer de observar algo moito máis pequeno, máis simple e non tan narrativo”, precisa o director de *Negro*.

“O que ocorre moitas veces é que a xente ten medo a non entender, igual que se estivésemos nun museo, pero o importante é que che entre polo ollo, non hai que buscar máis”, su-bliña Janet. “Logo, non tes máis que preguntarte a ti mesmo, cuestionarte o que ves, que non che dean todo tan mastigado como na televisión”.



BSTUDIO

DANZA

EN FEMININO

DE MEU É A ÚLTIMA PROPOSTA DA COMPAÑÍA BSTUDIO DANZA, DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, UN GRUPO QUE BAILA CONTANDO HISTORIAS, ESPECIALMENTE HISTORIAS DE MULLERES, OU, MELLOR DITO, DA MULLER. A COREÓGRAFA MARÍA DOLORES MAYÁN DIRIXE AS CATRO BAILARINAS DO ELENCO COA FINALIDADE DE POÑER A DANZA AO SERVIZO DA EXPRESIÓN, DA COMUNICACIÓN, COUSA QUE FAI EN CADA NOVA ENTREGA PÚBLICA, EN FORMA DE ESPECTÁCULO, DO SEU TRABALLO COREOGRÁFICO CONTINUO. ADEMAIS DO EVIDENTE RESULTADO ARTÍSTICO SOBRE OS ESCENARIOS, HAI QUE RECOÑECERLLE A ESTE COLECTIVO O VALOR DE SER UN DOS FUNDADORES DA DANZA ACTUAL EN GALICIA.

Cando en 1998 BStudio Danza comezou a súa andaina como compañía artística de forma paralela á escola de danza Ballet Studio –que anos antes, alá por 1986, xa fundara a que hoxe é a súa directora e coreógrafa, María Dolores Mayán–, fíxoo adoptando unha filosofía de traballo, case pretexto, que era poñer a danza ao servizo da expresión e facer dela un idioma.

Na técnica de base do ballet, aínda que quizais lonxe do que podería ser a súa concepción máis clásica, teñen o mellor alfabeto para que o corpo das súas bailarinas poña os acentos e entoacións, ata dar cunha linguaxe corporal que está máis preto do persoal e que é a voz dos sentimentos, das emocións, de cada latexo que están a vivir as catro compoñentes do grupo no momento de interpretar.

Ese “texto” que semella que nos están a interpretar as bailarinas sobre as táboas éntranos, desta vez, unicamente polos ollos; por iso a iluminación, as luces e sombras, os espazos, o vestiario, calquera obxecto extraído do noso mundo cotián, como pode ser un zapato, unha vasoira, un parasol... ou a música, son elementos chave para completar o lado máis plástico da representación, para darlle unha estética á historia que se nos está a narrar, e están elixidos a conciencia.

Na escola Ballet Studio de Santiago fórmanse actualmente un total de 200 alumnos basicamente na modalidade de danza clásica e tamén contemporánea. Á fronte, Mayán comparte responsabilidade con María Dolores Tojo.



Explícanos que a escola lle debe o nome á súa creadora, a bailarina norteamericana Linda Morrison, unha profesional da danza contemporánea formada na compañía de José Limón nos Estados Unidos e na Julie's Art School, da que foi alumna na década dos oitenta, cando impartiu clases de danza en Santiago abrindo camiño ás novas correntes no mundo desta arte.

Herdeira dese modo de entender o baile, Mayán continúa hoxe ese labor centrándose especialmente nas catro bailarinas que integran a compañía, formadas na súa escola e que deron os seus primeiros pasos de baile da súa man. Son: Emilia Pardo, Natalia Iglesias, Vanesa Otero e Celia Mayer.

Segundo sinala a directora do grupo, a súa aposta foi fundar a compañía con rapazas formadas aquí, da súa canteira, desde pequenas, para demostrar que non fai falta que veña xente de fóra para facer cousas interesantes. Hoxe en día iso está “sobradamente demostrado”, asevera Mayán. “Aquí ou en Nova York, o que necesitamos son medios”, engade.

Man con man e a base de esforzo, o xermolo de cada espectáculo que prepara o grupo crece logo dunha posta en común de ideas e propostas entre directora e bailarinas. Todo cunha premisa de partida, que é que a técnica clásica é só un medio para a formación dun bailarín, unha axuda coa que adquirir unha sólida base artística, pero nunca unha opción para expresarse a través dela.

“Nós empregamos todo o que podemos a técnica clásica, a técnica contemporánea de Martha Graham ou de Limón, técnica de *contact improvisation*, pero sobre todo traballamos a improvisación para aprender a sacar todo o movemento noso e persoal”, apunta a directora, segura de que na súa compañía a complexión física do bailarín non é un fin en si mesmo, en canto á súa maior versatilidade para acadar movementos que define como etéreos. “Aquí non hai unha estrutura física exixible. A min váleme calquera corpo que poida expresar e que saiba expresar, que teña sensibilidade, ganas de comunicar, ese don da expresividade que non todo o mundo ten. Hai xente moi técnica que non vale para estar nun escenario, non transmite e non me interesa nada”, precisa.

Xunto a montaxes como *Quid est mulier?* (2004) e *O que viven as rosas* (2005), *De meu*, o último espectáculo de BStudio, completa o que podería ser considerado como unha triloxía, cun nexa de unión que é o papel da muller na sociedade e un obxectivo común: reflexionar sobre os estereotipos que someten a muller en pleno século XXI e amosar os roles e tópicos impostos ao xénero feminino.

Quid est mulier? e *O que viven as rosas* repasan o papel da muller na historia, tamén na súa faceta de artista, baseándose en nomes propios de mulleres, “protagonistas esquecidas da historia”, dinos a autora, que dalgún xeito foron exemplo a seguir porque loitaron para que se lles recoñecesen os seus dereitos na época en que lles tocou vivir.

De meu segue esa mesma liña pero centrándose xa na época actual e nos estereotipos que determinan a condición feminina neste tempo.

“O QUE ME INTERESA É QUE A DANZA COMUNIQUE, PORQUE ISO ENRIQUÉCEA. A MIN ISO DE IGUALAR, DE ESTANDARIZAR, NON ME GUSTA. PREFIRO AS INDIVIDUALIDADES E A FORMA QUE TEN CADA UN DE DICILO”

“Teño unha actividade cara ao público e emprégao para achegar humildemente unha reflexión sobre un tema actual que considero moi interesante. Eu non estou nun sitio vendo como pasan as cousas, a min gústame intervir e o meu espectáculo non é só para ver, é para sentir”, recoñece.

O díptico de presentación de *De meu* recolle claramente o que podería ser unha declaración de intencións da obra, que cualifica como “Unha historia de camiños transitados por mulleres. Unha historia de estereotipos. Unha historia de pasos que non deciden o camiño. Unha historia de repetición aparentemente inocente. Unha historia de resistencia. Unha historia de necesidade de transformar a realidade”.

E nesa historia de mulleres, as bailarinas interpretan situacións de anguria, de ilusión, de represión, de alegría, de resignación... Episodios na vida dunha muller cunha simboloxía asociada que se plasma en obxectos tan diversos como uns zapatos de tacón, un veo de casamento, un traxe axustado que chega a cubrir todo o seu corpo...

“O que me interesa é que a danza comunique, porque iso enriquece. A min iso de igualar, de estandarizar, non me gusta. Prefiro as individualidades e a forma que ten cada un de dicilo”, di Mayán.

O pasado 25 de novembro conmemorouse o Día Mundial para a Erradicación da Violencia contra as Mulleres e, co gallo desa data, BStudio Danza programou un conxunto de actividades que se levaron a cabo no concello do Barco de Valdeorras: unha reunión co alumnado e profesorado de dous institutos da vila, un obradoiro de movemento creativo, a representación do espectáculo *De meu* e a peza estrela: a inauguración da exposición fotográfica *Corpos reflexivos*.

Foi a súa achega a unha realidade coa que semellan estar moi concienciadas, porque a súa é danza, pero en feminino.



Ao ritmo da experimentación

Beatriz Bravo

O bonito da danza seica é o corpo en movemento, a vida que latexa ao compás da música. Ou non. A min gústame pensar no baile como unha linguaxe universal, un código aberto. O impacto da expresión corporal pode emocionar a calquera, máis alá da súa procedencia, da súa condición, da súa experiencia vital. Estamos ante unha arte que, como tal, non acata eses límites de invención política que chamamos fronteiras.

Trece son os exemplos desta forma de comunicación que a Rede Galega de Teatros e Auditorios nos ofrecerá nos vindeiros meses. Un número con mala sona apadriña un universo de espectáculos dispaes que, porén, conflúen na súa ansia de experimentación. As compañías galegas, en pleno desenvolvemento, proban e investigan implacablemente, procurando unha linguaxe particular, a súa forma de chegar a un público vivo e intelixente. Porque este e non outro é o segredo das creacións máis sinceras. A busca da provocación. Bailaríns e coreógrafos queren descubrir que nas butacas hai corazóns a bater, ollos realmente abertos, non cómodos espantallos a presumir de que van ver danza. Ao rematar o espectáculo podemos –e deberíamos– comentar o visto, analizar os movementos, a interpretación, a posta en escena. Pero o importante vai máis aló. É ese sentimento, esa sensación que a danza nos deixou e que nos acompañará no noso devir. Sen máis. Pero sen menos.

Outra das características que se verá común en (case) todas as propostas é o minimalismo da presentación, presidido polo reducido elenco das compañías. Nun sector artístico por desgraza aínda non suficientemente descuberto nin valorado polo público, bailaríns e coreógrafos loitan por beber estrelas, por acadar un espazo propio para as súas creacións que lles permita unha estabilidade e, polo tanto, a posibilidade dunha evolución

“*Gústame pensar no baile como unha linguaxe universal, un código aberto. O impacto da expresión corporal pode emocionar a calquera, máis alá da súa procedencia, da súa condición, da súa experiencia vital.*

“*As compañías galegas, en pleno desenvolvemento, proban e investigan implacablemente, procurando unha linguaxe particular, a súa forma de chegar a un público vivo e intelixente.*

no seu traballo. A vocación e o talento non bastan. A danza reivindica desde a constancia case cabezona. E se poucos deben ser enriba do escenario, poucos serán. O que non se van permitir é xogar coa calidade.

Como a maior parte das veces, unha excepción confirma a regra. Nesta ocasión é o Colectivo Danzón o que arrisca e nos propón un elenco de dez bailaríns, os nosos guías nunha viaxe harmónica a través do tempo. Porque a danza engloba todo e converte en tarefa imposible a busca dun asunto que non poida ser deconstruído e analizado. Calquera realidade –e irrealidade tamén– pode pasar pola peneira do movemento. Nos vindeiros meses o corpo falará nos teatros galegos das relacións persoais, do (des)amor, da historia, doutros países, doutras culturas, do diñeiro, da vida en xeral. De todo.

E para todos. As compañías abren fronteiras na procura de novas almas, dun público aínda por descubrirse a si mesmo como receptor de danza. Entre Mans aposta polos máis cativos; Colectivo Danzón, pola comunión de tango, hip-hop e *break-dance*; Trakatap engade claqué e música brasileira. E estes son só algúns dos exemplos do que xa está ben coñecido, listo para servir e moitas veces luxosamente adobado con música en directo, a compañía perfecta entre dúas artes que camiñaron xuntas desde a súa aparición alá polo limiar dos tempos. Así, da man, relegan temporalmente os estilos máis clásicos en favor da enerxía dos novos ritmos. A mestizaxe dálles un pulo aos escenarios.

O mellor de todo?

Que mentres vostedes len isto, segue a xente bailando por currunchos e rúas, desactualizando o arriba escrito, reiventándose decotío ao ritmo da experimentación, ao ritmo da vida.

CARBALLO, CAPITAL ESCÉNICA

É UN LUGAR DE REFERENCIA NO MAPA DO TEATRO EN GALICIA. DUN TEMPO A ESTA PARTE APOSTARON MOI FORTE POLA CULTURA TEATRAL E AGORA TEÑEN A RECEITA MÁIS BUSCADA: SABEN COMO SE CREA A AFECCIÓN ENTRE O PÚBLICO. O FESTIVAL INTERNACIONAL OUTONO DE TEATRO, QUE ESTE ANO CELEBRARÁ A XVII EDICIÓN, É O SEU PRATO FORTE, PERO EN CARBALLO HAI MOITOS MÁIS PROGRAMAS QUE DEGUSTAR. ENTRAMOS ATA A COCIÑA...

CARBALLO

Habitantes: 29.985
Espazo escénico: Pazo da Cultura
Rúa do Pan s/n. 15100 Carballo
Aforo: 338
Web: www.carballo.org



A pesar da súa proximidade a unha cidade como A Coruña, Carballo experimentou nos últimos anos un importante crecemento demográfico e económico ligado ao sector da construción, á pequena empresa e ao mediano comercio, o que fai que esta vila duns 30.000 habitantes comece a amosar o seu lado máis urbano, nun núcleo poboacional que se concentra a carón do río Anllóns.

Carballo, cabeceira visible da comarca de Bergantiños, medra, e faino en todas as direccións,

tamén en cultura teatral. A vila leva tempo apostando polas artes escénicas, e hoxe en día empeza a recoller o premio que supón verse convertida nunha das capitais teatrais do país. A fórmula pasa por un programa estable e continuo ao longo de todo o ano, dezaseis edicións dun festival de proxección internacional, unha infraestrutura capaz de dar cabida ás aspiracións de cada programación e a implicación de moitas persoas desde diversos ámbitos. Foi un proceso longo na procura da dinamización do que, ata entón, era un feble tecido

A VILA LEVA TEMPO APOSTANDO POLAS ARTES ESCÉNICAS, E HOXE EN DÍA EMPEZA A RECOLLER O PREMIO QUE SUPÓN VERSE CONVERTIDA NUNHA DAS CAPITALS TEATRAIS DO PAÍS

cultural, agora reforzado co mellor soporte, o apoio incondicional do público.

No itinerario hai algúns puntos de parada obrigatoria que imos percorrer.

O xermolo que fixo de Carballo un espazo escénico de referencia en Galicia naceu da man da asociación cultural Telón e Aparte, que puxo en marcha en 1992 o Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT), que este ano celebrará a súa XVII edición. Con este festival, que xurdiu como unha proposta para impulsar a es-

trutura teatral da comarca, outubro volveuse o mes do teatro por antonomasia, teatro galego e de compañías do resto de España e doutros países, sobre todo de Portugal. O FIOT leva o teatro non só ás salas, senón tamén á rúa, co programa A Rúa dos Contos; aos pubs, ás cafetarías..., e vén acompañado dun Certame de Teatro Lido, outro de Monólogos Cómicos, o Premio do Público á mellor compañía e un premio final ao mellor labor de promoción do teatro, o Xograr de Outono. A medida que crecía en calidade e innovación a programación, medraba o número de espectadores.

A expectativa non podía ser mellor, e desde o concello, entidade colaboradora do FIOT, decidiuse ampliar a oferta de espectáculos, que adquiriu carácter anual. Carmen Castro, técnica municipal de Cultura e responsable das programacións, explícanolo así: “O concello xa viña facendo pequenas programacións, pero o FIOT ten moito que ver nese pulo do teatro en Carballo porque acadou moita relevancia e é un tipo de actividade que axuda a tirar doutras. Funciona como polo de atracción de público e, dalgunha maneira, tamén se crea

unha maior demanda e iso obriga a que a estrutura medre e a que as actividades e o orzamento se incrementen”.

Carballo presenta, así, un calendario de programación onde a oferta escénica nunca descansa. De xaneiro a abril, os Venres Culturais achegan música, teatro, danza e outras actividades. Séguelle o programa Primavera en Danza, un festival de dúas fins de semana dedicado á danza contemporánea. En maio, coincidindo coa conmemoración do Día das Letras Galegas, desenvólvese o Programa das Letras, centrado na literatura. En xuño, co San Xoán, chega Cultura en Festa, e en xullo e agosto o Verán Cultural trae semanalmente espectáculos de música, teatro, maxia... tamén ás parroquias. En setembro baixa o ritmo para coller folgos para o FIOT, que se celebra en outubro, ao que segue un Novembro con Música, de agrupacións musicais da vila e, finalmente, o Nadal Cultural, que inclúe un programa para nenos chamado Nadal Peque Espectacular, con actividades de danza, teatro e música. E como os máis novos son o público a conquistar no seu obxectivo de crear afección, moitos

“INTENTAMOS ESTRUCTURAR O PROGRAMA DUNHA MANEIRA UN POUCO COHERENTE, DIRIXÍNDONOS ESPECIFICAMENTE A CADA COLECTIVO, PARA QUE LLE RESULTE ATRACTIVO Á XENTE”

espectáculos van dirixidos a eles e contan, concretamente, cun programa que chaman A Cultura Educa, que intenta implicar os colexios na formación cultural dos rapaces.

“Chegar ao público é a parte máis difícil da programación”, confesa Castro. “Nós intentamos estruturar o programa dunha maneira un pouco coherente, dirixíndonos especificamente a cada colectivo, para que lle resulte atractivo á xente, para que teña unhas referencias e saiba que é o que pode esperar e encontrar en cada época do ano”, concreta. O espazo que acolle a maior parte das representacións, o Pazo da Cultura, levántase como o mellor emblema desta aposta polas artes escénicas e outras disciplinas culturais. “Nun momento foi consecuencia, é dicir, cando o concello decidiu facer isto era porque xa había un público detrás que demandaba un equipamento de calidade e iso permitiu intensificar a programación. Entón, nese sentido, tamén é causa: se á xente lle gusta o espazo e se sente cómoda, vén máis”, argumenta. “O seu carácter multiúsos achéganos, tamén, moita xente”, engade.



CADA UN NO SEU POSTO

Preto dunha decena de persoas conforman o equipo que fai posible cada programación. Agás os labores propios dos conserxes e do técnico de son, o resto é cousa de todos.

No despacho de billetes: Yolanda Abelenda (páx. anterior)

Dúas horas antes de que comece a función xa hai alguén detrás da fiestra. É un posto privilegiado porque dá acceso directo ao espectador, e permite sondar e coñecer as súas expec-

tativas e puntos de vista sobre os espectáculos para poder establecer un perfil de público. “Moitos son veciños e coñecemosos, por iso o trato con eles é moi familiar”, di Yolanda.

O Pazo da Cultura ten unha capacidade de 338 persoas e a media de espectadores rolda, habitualmente, os 200, sobre todo cando se trata de teatro infantil ou durante o FIOT, cando o cheo é total. Os horarios habituais das funcións son ás nove da noite, ou na tarde dos venres, sábados ou domingos, dependendo das características de cada obra.

O prezo sempre é accesible e as facilidades, moitas: bonos de desconto, venda anticipada...

Na oficina: Carmen Castro

É a coordinadora de todo o equipo humano e responsable das programacións e da súa promoción. “Non hai segredo, só traballo, constancia, calidade e seriedade tamén”, confesa a técnica de Cultura.

Un dos logros, en canto a política cultural en Carballo, foi facerse cun público maioritario. A estratexia ten un punto forte: o contacto co espectador. “Un dos motivos polos que a min me gusta traballar en equipo é porque quero que todo o mundo estea en contacto cos espectadores de maneira máis ou menos constante para saber o que din ao compraren a entrada, ao saír do espectáculo, o que din os actores. Trátase de ter unha visión moi global e saber que é o que estamos facendo ben, o que estamos facendo mal, o que podemos mellorar, que é o que botan en falla..., só así podemos elaborar unha programación que dea resposta a todos eles”, explica a programadora.

Asociacións, colexios, institutos, ANPAS, asociacións deportivas, etc., son lugares de encontro onde os carteis, folletos e todo tipo de información sobre as actividades culturais que se programan deben estar á disposición dos usuarios. Igualmente en hoteis, instalacións deportivas, bares, cafetarías, pubs e, tamén, na prensa local e de difusión na provincia, en anuncios, medios de comunicación, rúas, prazas, en cada novo empadramento. Que a presen-

“NON TEMOS VONTADE DE DIFERENCIARNOS, SÓ INTENTAMOS QUE CARBALLO TEÑA UNHA PROGRAMACIÓN CULTURAL DE CALIDADE E UNHA OFERTA DIGNA PARA QUE A XENTE POIDA TER ACCESO A DIFERENTES PROPOSTAS CULTURAIS”

tación de cada cartel –que adoitan encargarlles a varios deseñadores de Carballo ou que eles mesmos crean en función da campaña– resulte atractiva “é fundamental”, di Carmen Castro.

Carballo conta, tamén, cunha rede de “Amigos da Cultura”, unha base de datos en que neste momento están inscritas preto de 1.600 persoas que reciben por correo postal toda a información sobre a programación cultural. “Ensobrar esas cartas, levalas a correos, etc., é un gasto de tempo importante que require de varias persoas; se iso se multiplicase por cinco, quizais non poderíamos facelo porque iso suporía paralizar a actividade”, recoñece.

O teléfono móbil é outro recurso empregado para a difusión de actividades, porque aqueles que están subscritos a ese servizo de Cultura reciben unha mensaxe para recordar, o día antes, cal é o espectáculo que se vai representar e o horario da función. “Non temos vontade de diferenciarnos, só intentamos que Carballo teña unha programación cultural de calidade e unha oferta digna para que a xente poida ter acceso a diferentes propostas culturais. Non temos un sentido tan claro do márketing por-

que tampouco é o momento. Aínda que non estamos mal, eu penso que aínda falta moito para ter o que queremos. Trátase de chegar á xente, saber que o que estamos ofrecendo está ben e pensar que, co paso do tempo, iso vai ter resultados, como estamos a ver que si os ten”, sinala.

Ata o de agora comprobaron que a cultura é un proceso moi lento, que facerse co público e facer afección pasa por non ceder cando, ao principio, hai moitas butacas baleiras. “É difícil facer esa espera porque parece que un fracasa continuamente e que estás a facer algo que non ten sentido”, di Carmen Castro. Está visto que eles non quedaron no intento.



Na conserxaría: José Manuel Menéndez (na foto) e Pablo Calvo

Por tratarse dun edificio de usos múltiples que, ademais das oficinas da Concellaría de Cultura, alberga tamén a Escola de Idiomas e o Conservatorio, o seu traballo é moi extenso, a dúas quendas e tamén nas fins de semana. “Aquí temos preto de 400 persoas que veñen á Escola de Idiomas, 300 ao Conservatorio, tamén a Terceira Idade, as aulas de formación, o auditorio... Por outra banda, somos conserxes dun concello e facemos servizos de recadaría e mensaxaría”, conta José Manuel.



Na cabina de son: Antonio Porteiro

A súa empresa coida da parte técnica do auditorio. Encárgase de que todo funcione correctamente e o seu traballo comeza, moitas veces, semanas antes da representación coa supervisión da ficha técnica de cada compañía, por se fose necesario contratar material complementario. Antonio Porteiro comenta: “Cada compañía de teatro é un mundo; non adoitan ser moi exixentes, pero ás veces precisan algo específico para un espectáculo. Eu teño que estar con eles desde que entran ata que saen, comprobando que todo estea ben e axudándoos incluso na montaxe”.

EN BREVE

PISANDO OVOS, PRIMEIRO PREMIO DO CERTAME COREOGRÁFICO DE MADRID

A compañía de danza Pisando Ovos, que integran os bailaríns galegos David Loira e Ruth Balbís, foi distinguida co primeiro premio no XXI Certame Coreográfico de Madrid, cuxa gala final se celebrou no Centro Cultural de la Villa o pasado 30 de novembro.

O dúo obtivo o galardón por un extracto da súa peza *No intre 1.800*, que foi valorada, xunto a outras seis propostas artísticas de distintas procedencias, por un xurado composto por: Ricardo Carmona, de O Espaço do Tempo; Roberto Casarotto, de Operaestate Festival Veneto; Korduka Fritze, de Dance Web Europe; Carles Salas, de Cía. Búbulus, La Caldera, Institut del Teatre; e Jasmine Wilson, de Random Dance.

O traballo de Pisando Ovos está presente na Rede Galega de Teatros e Auditorios e na Rede Galega de Salas a través das súas propostas *30.000*, *Misolo-Menos 1*, *N8 OHX* e *No Intre 1800*.

O IGAEM, RECOÑECIDO CO PREMIO SGAE AO EMPRESARIO PÚBLICO

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) acaba de ser galardoado co Premio SGAE ao Empresario Público, en recoñecemento ao seu papel "impulsor dunha programación cultural xenerosa e diversa que fai da capital galega un referente mundial alén, incluso, do seu celebradísimo patrimonio histórico".

Así o decidiu o Consello de Dirección da Sociedade Xeral de Autores e Editores, que coa adxudicación dos seus premios anuais quere recoñecer aqueles usuarios do repertorio que, no desempeño das súas actividades profesionais, se distinguen no compromiso e respecto aos dereitos de autor.

A cerimonia de entrega do premio, que foi recollido pola conselleira de Cultura e Deporte, Ánxela Bugallo, tivo lugar no decurso da Noite dos Autores, que se celebrou o pasado 17 de xaneiro no Hostal dos Reis Católicos, en Santiago de Compostela.

NUT TEATRO PARTICIPA NO ESCENA CONTEMPORÁNEA DE MADRID

A compañía compostelá Nut Teatro participa na VIII edición do Festival Alternativo de las Artes Escénicas de Madrid (Escena Contemporánea), consolidado evento artístico que se celebra durante catro semanas en máis de dez espazos escénicos da capital do Estado cunha mostra das últimas tendencias en música, teatro e *performance* de 36 formacións artísticas de todo o mundo.

Nut Teatro ofrecerá, dentro deste festival, catro funcións do seu espectáculo *Corpos disidentes*, dirixido por Carlos Neira e interpretado polas actrices Arantza Villar, Nerea Barros, Iria Sobrado e Xiana López na sala El Canto de la Cabra, os días 31 de xaneiro e 1, 2 e 3 de febreiro.

Corpos disidentes é un espectáculo que mestura diferentes linguaxes artísticas, como a *performance*, o teatro, a danza e o audiovisual. O traballo, que leva en distribución desde a súa estrea o 12 de xaneiro de 2007 no Teatro Principal de Santiago, afonda nos límites do corpo humano, nas sombras, nos espazos indefinidos, aqueles que non se senten e que non se ven, pero que se fan visibles ao atravesalos.

TALÍA TEATRO LEVOU A SÚA OBRA BICOS CON LINGUA A PARÍS

Talía Teatro realizou o pasado 11 de xaneiro unha función da súa obra *Bicos con lingua* no auditorio do Instituto Cervantes de

París, nunha función inserida nun ciclo de actividades que organiza o Centro de Estudos Galegos da capital francesa para analizar a situación das linguas minoritarias en Europa.

A compañía, radicada en Cee (A Coruña), estreou este espectáculo en abril de 2003, momento desde o que se mantivo sempre en carteleira, ata o punto de levar xa realizadas ata a actualidade máis de 250 funcións dentro e fóra de Galicia.

Bicos con lingua, dirixida por Avelino González e interpretada por Toño Casais e Artur Trillo, é unha radiografía da situación do galego desde un ámbito sociolingüístico, motivo polo que encaixou perfectamente na temática do ciclo parisiense.

O IGAEM OUTORGARÁ EN 2008 MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS

O IGAEM outorgará no presente 2008 ata un máximo de 2.120.000 euros en distintas modalidades de axudas ao sector escénico e musical galego, o que supón un incremento medio orzamentario para esta finalidade do 35% respecto á pasada convocatoria de 2007. A actividade escénica bianual ou de produción concreta de espectáculos de teatro de actor, de monicreques e de danza, montaxes de nova creación, investimentos produtivos en maxia, distintos ámbitos de distribución, subvencións ás dotacións e investimentos para os espazos da Rede Galega de Teatros e Auditorios e para o funcionamento das salas

ELES E ELAS CÓNTANOLO

DENDE O PARAÍSO



NOME: Olga Camefeita Longa

IDADE: 32 anos

OCUPACIÓN: Secretaria de dirección

POR QUE VAS AO TEATRO: Porque me gusta a proximidade co actor, é como o cinema pero en directo.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *Misterioso asesinato en Manhattan*, de Woody Allen, dirixida por Francisco Vidal. No Teatro Caixanova de Vigo.



NOME: Yolanda Calviño Abeijón

IDADE: 32 anos

OCUPACIÓN: Asesora xurídica da

Concellaría de Servizos Sociais e Muller

POR QUE VAS AO TEATRO: Porque creo que hai que apostar por todo o que teña que ver coa cultura e o teatro está un pouco esquecido. A súa maxia está en ter o actor máis preto e na posibilidade de poder expresar se a obra che gustou a través do aplauso.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *Vaguedades*.



NOME: Pilar Peña Otero

IDADE: 26 anos

OCUPACIÓN: Profesora de Primaria

POR QUE VAS AO TEATRO: Porque me encanta; máis que o cinema. Dende pequeniña afeccioneime a el. Ademais, creo que lles axuda aos nenos a fomentar a expresión oral e a que perdan a timidez e aprendan a falar en público. É moi bo para eles.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *Golulá*, de Galitón.

privadas, así como o asociacionismo profesional e a formación especializada, constitúen os grandes puntos a que poderán acollerse os interesados baixo as trece modalidades e subtipos dispostos.

Ademais da continuidade no esforzo para o aumento das dotacións económicas, incorporáanse novidades importantes chamadas a optimizar as contías adxudicadas, como son a posta en marcha do programa Crédito-Cultura, a ampliación das axudas á distribución de espectáculos no exterior ao sector da música e a introdución nos baremos das axudas á actividade escénica de elementos correctores que faciliten unha avaliación máis homoxénea dos proxectos.

O ESPECTÁCULO *NEGRO*, NO PROGRAMA DO FESTIVAL MADRID EN DANZA

O espectáculo coreográfico *Negro*, coproducido polo Centro Coreográfico Galego e a Compañía Daniel Abreu, realizará dúas funcións dentro do programa da edición 2008 do festival Madrid en Danza, que terán lugar os días 15 e 16 de abril na sala Cuarta Pared da capital española. A peza, que interpreta o propio Abreu xunto ás bailarinas galegas Andrea Quintana, Janet Novas e Anuska Alonso, foi estreada con grande éxito o 18 de xaneiro no Teatro Ensalle de Vigo, e realizará representacións ao longo do ano polos espazos da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas.

Baixo a dirección de Daniel Abreu, *Negro* é resultado do traballo de creación colectiva realizado coas bailarinas do elenco e doutras participacións externas, como foi o caso da colaboración prestada por Lipi Hernández, bailarina da compañía catalá Las Malqueridas e cofundadora do centro La Caldera, de Barcelona.

A montaxe pescuda na poética que se pode atopar nas situacións cotiás e dos obxectos domésticos, para compoñer unha proposta escénica que se vale do corpo como único instrumento motor de toda sensación.

O CDG ESTREA *VALDEMULLER* O 13 DE FEBREIRO NO PRINCIPAL DE OURENSE

O Teatro Principal de Ourense acolle o 13 de febreiro a estrea de *Valdemuller*, a segunda produción do Centro Dramático Galego (CDG) para a tempada 2007-2008, un espectáculo de monicreques especialmente dirixido a público en idade adolescente. O director de monicreques arxentino Pablo Vergne e catro actrices-manipuladoras galegas (Alba Grande, Raquel Queisás, Montse Piñón e Manuela Varela) compuxeron a montaxe a partir da adaptación do texto orixinal de Xosé Antonio Neira Cruz que realizou Julio Salvatierra.

Valdemuller supón a visibilidade da combinación entre dous elementos tradicionalmente asociados a programacións menores, como son o teatro de monicreques e o

teatro non estritamente dirixido a público adulto. Así, o CDG asume este proxecto desde a súa condición de teatro público, o que determina como unha das súas funcións a de impulsar discursos dramáticos arriscados e dar pulo a todo tipo de actividade escénica.

A FEIRA DAS ARTES ESCÉNICAS VENDEU 79 FUNCIÓNS PARA FÓRA DE GALICIA

Castela-A Mancha, Euskadi, Madrid, Asturias, Extremadura, Porto e Paredes de Coura programarán en 2008 un total de 74 funcións de teatro galego a partir dos contratos pechados no marco da Feira Galega das Artes Escénicas 2007, que, organizada pola Consellaría de Cultura a través do IGAEM, se desenvolveu do 23 ao 27 de outubro en cinco escenarios de Santiago de Compostela: Sala Nasa, Salón Teatro, Teatro Galán, Teatro Principal e auditorio do IES Xelmírez I.

Títeres Trompicallo, Producións Acontrabutaca, Lagarta Lagarta, Sarabela Teatro, Nut Teatro, Pistacatro, Mago Antón, Monicreques de Kukas e Matarile foron as compañías contratadas por programadores de fóra de Galicia no marco do sistema de bonificacións á distribución exterior do IGAEM.

O organismo da Consellaría de Cultura está xa a preparar a vindeira edición da feira, que se celebrará en Santiago de Compostela do 13 ao 17 de outubro de 2008.

O CCG ESTREA *KIOSCO DAS ALMAS PERDIDAS* O 29 DE FEBREIRO NA CORUÑA

O Centro Coreográfico Galego (CCG) estrea o 29 de febreiro no Teatro Rosalía de Castro da Coruña o espectáculo *Kiosco das almas perdidas*, con dirección do coreógrafo Roberto Oliván, única produción propia para a actual tempada, na que tamén colabora o centro Laboral Escena de Xixón.

Nesta nova proposta do CCG, que circulará ata despois do verán por escenarios de dentro e fóra de Galicia, preséntasenos un traballo de interrelación da danza con outras disciplinas artísticas, no que Oliván, coreógrafo formado na escena europea a carón de grandes nomes como Anne Teresa Keersmaecker, Josse de Pauw, Trisha Brown ou Robert Wilson, conta con dez bailaríns e bailarinas seleccionados en audicións desenvolvidas na Coruña e en Barcelona.

Kiosco das almas perdidas ten música da cantante e gaitreira Mercedes Peón, que fará a interpretación en directo durante a xira do espectáculo. O espazo escénico e iluminación corren a cargo de Baltasar Patiño, o deseño de vestuario é de Ruth Pereira, o Mago Antón presta a súa colaboración para determinados efectos de ilusiónismo e o colectivo asturiano Fiumfoto ocúpase da creación audiovisual que tamén forma parte do espectáculo.

Solución ao xogo da Escola de Maxia: Trátase dun xogo de maxia que podemos ver na película *El ilustro-nista*. O seu segredo é sutil e enxeñoso, pero moi sinxelo e ao alcance de todos. A explicación está no momento en que a espectadora pon a man na fronte. O brazo en alto fai que chegue menos sangue á man. Ao final, soamente hai que fixarse que man está máis pálida. Esa será a man que esconda o obxecto.




NOME: Luciano Vázquez García
IDADE: 27 anos
OCUPACIÓN: Opositor
POR QUE VAS AO TEATRO: Porque fai moi boa crítica da sociedade e é máis naturalista que o cinema.
ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: Un espectáculo do Festiclown no Teatro Principal.



NOME: Jesús Blázquez González
IDADE: 29 anos
OCUPACIÓN: Estudiante
POR QUE VAS AO TEATRO: Porque o que podes vivir nun teatro non o podes vivir en ningunha outra parte.
ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: O musical *Chicago*, en Broadway (Nova York).



NOME: Alexia Stempel Orozco
IDADE: 24 anos
OCUPACIÓN: Estudiante
POR QUE VAS AO TEATRO: Porque é algo diferente e gústame todo o que teña que ver coa cultura.
ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *Os miserables*, en Londres.



NOME: Antonio Salgado Rodríguez
IDADE: 29 anos
OCUPACIÓN: Profesor de Educación Especial
POR QUE VAS AO TEATRO: Porque me gusta ver espectáculos en vivo, onde se sintan as emocións ao natural. Para min é o pracer do gozo estético.
ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *Noite de Reis*, ou *o que queirades*, de William Shakespeare, por Quico Cadaval.

MI SOLO MENOS 1

Pisando Ovos

Dirección: David Loira e Ruth Balbís / Elenco: Mi solo, interpretado por David Loira, Menos 1, interpretado por Rut Balbís / Xénero: Danza contemporánea

Dúas pezas curtas interpretadas individualmente polos integrantes de Pisando Ovos. Ás veces teño a necesidade de ficar só para poder estar coa miña intimidade, para facer cousas que non me atrevería a facer en compañía. Cando me sinto só pode ser marabilloso e aterrador... *Menos 1*, un mundo en que os lados opostos non están tan separados, en que o cambio dun estado a outro sucede de forma continua, onde o riso se converte en algo triste e a caída nun momento elegante.



30.000

Pisando Ovos

Dirección: Damián Muñoz / Elenco: David Loira e Ruth Balbís / Xénero: Danza contemporánea

30.000 é a terceira obra de longa duración da compañía, realizada en coprodución co Centro Coreográfico Galego. Estreada o 2 de xuño de 2007 no Salón Teatro de Santiago de Compostela, este espectáculo convida a unha reflexión sobre o papel do diñeiro na sociedade actual e sobre as relacións entre os cartos e as persoas.



N8 OHX

Pisando Ovos

Autores: Ruth Balbís e David Loira / Dirección: Ruth Balbís e David Loira / Elenco: Ruth Balbís e David Loira Xénero: Danza contemporánea

“Este noso mundo é avaro en emocións... Estaba tombado de costas e tiña o ceo sobre min. E bruscamente o ceo converteuse en algo onde un podía caer (...) Non era a forza da gravidade o que me mantiña apegado á terra, senón a miña vontade. Coas mans estendidas no chan, enterraba os dedos na herba branda mentres o ceo viraba cada vez máis profundo e azul, e as nubes máis lentas, ata quedar todo en suspenso nun minuto de terror absoluto e de fascinación. Eu ía caer no ceo infinitamente”. José Saramago, *Caer no ceo*.



TANGHOP

Colectivo Danzón

Autor: Colectivo Danzón / Dirección: Andrés Barros Nogueira / Elenco: José Costa González, Xosé Candal González, Victoria Blanco Fernández, Eva Blanco Álvarez, Inma Alvarellos, Dolores Rico Martínez e Andrés Barros Nogueira / Xénero: Danza contemporánea

Mestizaxe de ritmo de tango e hip-hop, xunto cunha orixinal combinación de baile de tangos e break-dance, e outros elementos da vida cotiá.

+info. en: www.colectivodanzon.org



NEGRO

Compañía Daniel Abreu

Autor: Daniel Abreu / Dirección: Daniel Abreu Elenco: Daniel Abreu, Andrea Quintana, Janet Novás e Anuska Alonso / Xénero: Danza contemporánea

Traballo coreográfico para catro bailaríns que se fundamenta no corpo como único instrumento motor de toda sensación. *Negro* fala da pel durmida, do descanso, dunha paisaxe persoal, de ser honestos... Cada cousa que ven os ollos é diferente, cada cousa escoitada, cada caricia, cada posta de sol. A ventá ofréceme unha paisaxe para regalar aos outros, a ti. O solpor que vexo é meu, pero é para ti. Tentarei explicarcho, pero cada vez será diferente. “Sospeito que Deus condena o que ignora”. Eduardo Galeano, *El libro de los abrazos*.



FOUR WALLS (ENCONTRANDO A CAGE)

Music-Walk

Autor: John Cage / Dirección: Nicasio Gradaille e Olga Cameselle / Elenco: Nicasio Gradaille (piano), Cristina Barriga (soprano), Olga Cameselle (danza), Carmela Bueno e Olivia Mate / Xénero: Danza contemporánea

John Cage escribe esta obra para unha coreografía de Merce Cunningham en 1944. Utiliza unha linguaxe que se adiantou en case 300 anos ao minimalismo de Steve Reich ou Philip Glass, mais con moita carga emocional. Nesta colaboración pretendemos unir a danza e a música contemporáneas dende unha perspectiva actual e persoal.



NO INTRE 1800

Pisando Ovos

Dirección: David Loira e Ruth Balbís / Elenco: David Loira e Ruth Balbís / Xénero: Danza contemporánea

Inchaurras, volcán, acróbatas en Xapón, despedida, moito amor, estou mal, dormes comigo? Ti o 24 eu o 25, sen costuras, unha prancha ben grande, “*unas frieguitas*”?, non veñas, o día da froita, aínda que sexa sen pernas, sen esforzo, na procura de belotas, os avós... Esta peza é creada grazas a aqueles pequenos instantes que lle dan corda á nosa vida, pero tamén á busca en si. Á espera, á compañía e á suma de dous instantes. O noso instante. BOOM!! Aquí estamos... no en Pé de Pedra... deixarnos só bailar o tempo que é noso, o que nos toca... só un instante.

NO SÓLO (DE NEURONAS VIVE

EL CEREBRO ENAMORADO)

Erre que Erre

Autor: Erre que Erre / Dirección: Mariángeles G. Angulo e Mario G. Sáez / Elenco: Mariángeles G. Angulo e Mario G. Sáez / Xénero: Danza contemporánea

Dúas persoas co mesmo pulso, unha respiración única. Un novo encontro despois de moitos encontros. Buscando os lugares non comúns da idea de amor, unha análise científica e analítica dos procesos de namorarse e continuar xunto a alguén unha vez que a química deixou de cumprir a súa función. Unha especie de poética científica que xera imaxes e transmite emocións a través de corpos en movemento e as súas relacións.

+info. en: <http://www.errequeerredanza.net>



QUE PASA AQUÍ?

Entre Mans

Autores: Armando Martén, Ana Beatriz Pérez e Katerina Varela / Dirección: Entre Mans / Elenco: Armando Martén Caballero, Ana Beatriz Pérez Enríquez e Katerina Varela Garea / Xénero: Danza contemporánea

Espectáculo de danza contemporánea para os máis pequenos e para os que non o son tanto. Ás veces a miña cadeira resúltame pequena e non podo alcanzar as cousas da mesa; o teléfono da casa paréceme demasiado grande, pero é lixeiro e bonito; e a butaca deforme é a máis cómoda que tiven, mais... o reloxo vai ao revés, que pasa aquí?



EN LA CUENCA DE TUS OJOS

Entre Mans

Autores: Armando Martén, Beatriz Pérez, Kirenia Martínez e Alexis Fernández / Dirección: Entre Mans Elenco: Armando Martén, Ana Beatriz Pérez, Kirenia Martínez e Alexis Fernández / Xénero: Danza contemporánea

Todos os pecados do amor sen detalles, detalles sen amor, arrepentirse de falar, de quedar sen tempo, de gardarse dun mesmo, de dar as costas demasiadas veces. Teño o son do seu corpo nos oídos. Que fermoso o sangue tirando cara á confianza, achegándose aromático, pesado e quedo como mazás nunha cunca.



NI PALANTE NI PATRÁS

(NO HAY MANERA OIGA!)

Teresa Nieto en Compañía

Autora: Teresa Nieto / Dirección: Teresa Nieto Elenco: Jesús Caramés, Daniel Doña, Vanesa Medina e Teresa Nieto / Xénero: Danza contemporánea

Dúas nominacións aos Max. Premio Max á mellor intérprete feminina, mellor espectáculo en xira na Feira Internacional de Teatro e Danza e Premio Villa de Madrid á Mellor Coreografía.

+info. en: www.teresanieto.es

MILONGA SENTIMENTAL

Marco González. Tango Argentino

Autor: Marco González / Dirección: Marco González Elenco: Marco González, Eleonora Rosaminer, Leonardo Mosquera e Carina Lucca. Músicos: Artigas Anelo (bandoneón), Lucas Lluma (piano), Gustavo Barcia (contrabaixo), Enrique Migliarini (voz) / Xénero: Danza/Outras

Constrúese o mapa do folclore arxentino, sen límites xeográficos. Parte importante dese folclore ocúpao o tango, retrato de Bos Aires e da súa xente. O repertorio percorre diferentes estilos, o mellor do folclore arxentino e unha exquisita selección de tangos tradicionais: *La Cumparsita*, *El choclo*, *Caminito*, *A media luz*, *Cambalache*, como tamén unha variedade de temas de corte netamente milongueiro.

+info. en: <http://www.marcogonzaleztangoaargentino.com>



TRAKATAP

Trakatap

Autor: Roser Font / Dirección: Roser Font Elenco: Mónica Barreiro, Néstor Busquets, Pepo Doménech, Roser Font, Lina Lomanto, Rubén Pérez, Toni Sans e Pep López / Xénero: Danza/Outras

Catro bailaríns e tres músicos en escena pónennos un espectáculo polivalente onde, ademais de fusionar o claqué con diferentes estilos musicais como a música brasileira ou o funky, interpretan cancións, bailan sobre tapas de lixo, xogan coas luces e con moitas cousas máis. O resultado é un espectáculo para toda a familia sorprendente, cheo de ritmo e enerxía.

+info. en: www.agada.es



VIAXE POLA DANZA

Colectivo Danzón

Autor: Colectivo Danzón / Dirección: Xosé Candal González / Elenco: Xosé Candal González, Victoria Blanco Fernández, José Costa González, Loli Rico Martínez, Eva Blanco Suárez, Andrés Barros Nogueira, Javier Fajardo Diz, Jorge Bermúdez Veiras, Cruz Toande Ramos e Inma Alvarellos / Xénero: Danza contemporánea

Viaxe que nos explica como a danza foi aparecendo nos seus diversos usos: cun sentido ritual, na época do valse e a polca, cando servía de iniciación social. Tamén nos anos 20, os ladróns e os aventureiros podían ser vistos a través da danza. Por último, vemos como o baile pode servir para acariñar e adormecer un neno, para conquistar a parella, para facer amigos, como vía de aprendizaxe, etc.

+info.en: www.colectivodanzon.es



RIZOMA

Javier Martín

Autor: Javier Martín / Dirección: Javier Martín Elenco: Javier Martín / Xénero: Danza contemporánea

DO SÉCULO XVIII AO XXI
Ensemble Vigo 430

Dirección: Alejandro Garrido / Elenco: Violíns: Mario Peris, Rosa Gayoso, Marta Vélez, Raquel Carrera, Elena Vázquez, M.ª José Pámpano, María Carrasco, Mauro Mariño, Tania Capón. Violas: Javier Escobar, Sara Franco, David López. Chelos: Isabel Figueroa, Alejandro Costas. Contrabaixo: Oscar Rodríguez. Clave: Alicia Alcayna. Fautra travesa: Xulia Estévez / Xénero: Música de cámara

Os programas de concerto do Ensemble Vigo 430 reúnen diferentes épocas, autores e estilos, que fusionan de xeito innovador con outras ramas artísticas (artes plásticas, artes escénicas e novas tecnoloxías). Destaca ademais o seu compromiso cos autores galegos.

+info. en: www.vigo430.com



A MULLER COMO INSPIRACIÓN
Cuarteto Ephímere

Elenco: Mario Peris Salom, violín 1. Rosa M.ª Gayoso Vázquez, violín 2. Javier Escobar Vidal, viola. Isabel Figueroa Lorenzo, violonchelo / Xénero: Música de cámara

Mozart remata o seu cuarteto KV421 en re menor na noite en que Constanza dá a luz o seu primeiro fillo. Schumann sente saudade por Clara mentres escribe o seu cuarteto en lam Opus 41, asumindo, por vez primeira, o papel de esposo que agarda na casa mentres a súa muller está de xira como grande concertista de piano. A rebuldeira fuga que foxe en feminino da *Negra sombra* que me asombra que planea por riba de todos. Dous autores intemporais xunto con dous autores galegos contemporáneos e a inspiración que, como a morte, viste de muller.



A VOLTA AO MUNDO EN 747... COMPASES
Vocalise

Dirección: Rupert Twine / Elenco: Rupert Twine, tenor. Clara Jelihouvschi-Panas, soprano. Blanca Padín, contralto. Vital Augusto, baixo / Xénero: Música de cámara

Cuarteto vocal, formado por unha soprano, unha contralto, un tenor e un baixo. Empregan un pequeno equipo de amplificación e efectos que os dota das prestacións dun gran conxunto vocal, pero cun resultado moito máis brillante e cheo de matices e efectos. Presentan varios programas en función dos gustos e circunstancias do acto.



CUARTETO DE CHELOS
Chelicia, grupo de Violonchelos de Compostela

Dirección: Carlos García Amigo / Elenco: Carlos G. Amigo, Ailsa J. R. Lewin, Palmira Martínez e Thomas Piel Xénero: Música de cámara

Co ánimo de explorar o repertorio consagrado aos grupos de violonchelos, que de seu constitúen pequenas orquestras de cámara, Chelicia aspira a ser un instrumento de achegamento destes repertorios ao público sen esquecer o idónea que resulta esta formación para combinar música con outras disciplinas artísticas, así como a posibilidade de aumentar a formación para obras específicas que así o requiran.



CUARTETO PARA EL FIN DE LOS TIEMPOS
Cuarteto para a Fin dos Tempos

Dirección: Cuarteto para el Fin de los Tiempos Elenco: Lilia Chirilov, violín. Marcel Chirilov, clarinete. Carlos García, violonchelo. Rupert Twine, piano Xénero: Música de cámara

Obra do compositor francés Olivier Messiaen (1908-1992), que compuxo en 1941 nun campo de concentración nazi para interpretar con outros compañeiros músicos, tamén presos. Música contemporánea de dificilísima execución.



QUE EU SEI MUIT'AMAR. O AMOR CORTÉS
NA EUROPA MEDIEVAL
Grupo de Música Antiga Martín Códax

Dirección: Miguel Ángel López Fariña e Fernando Olbés Durán / Elenco: Fernando Olbés (tenor), Paula Corujo (soprano), Roberto Sala (chirimía, frautas percusión), Carlos Castro (percusións e *dulcema*), Ana Sánchez (soprano), Miguel A. López (*fidulas*, arpas e organistro), Francisco J. González (baldosa, cítara), Philippe Copin (zanfona) e Andrés Díaz (frautas, chirimía e laúde) Xénero: Música de cámara

O programa xira en torno ao repertorio cortés románico e boa parte do latino medieval que se difundía oralmente e era composto para ser cantado. Un percorrido pola poesía amorosa galego-portuguesa tomando como centro as sete cantigas do rei Dom Denis xunto con cantigas de Martín Códax, Johan Airas, Roi Fernandiz de Santiago, Airas Nunez e Afonso Eanes de Coton.

DÚO DÜRICHEN-PERMUY (VIOLÍN E PIANO)
Dúo Dürichen-Permuy

Elenco: Ludwig Dürichen (violín) e Alicia González Permuy (piano) / Xénero: Música de cámara

O violinista Ludwig Dürichen e a pianista Alicia González Permuy son os integrantes deste dúo, formado en 2005 a consecuencia do concerto que Alicia deu como solista coa Orquestra Sinfónica de Galicia, da que Ludwig é axuda de concertino. Os programas que propoñen xiran en torno á figura de A. Gaos e compositores da súa época, de finais do século XIX e principios do século XX, coa excepción de C. Franck (1822-1890), co que presenta grandes similitudes formais na súa sonata.



MÚSICA CLÁSICA GALEGA
Orquesta de Cámara de Galicia

Dirección: Mijail Moriatov / Elenco: Composto por seis violíns, tres violas, dous violonchelos e un contrabaixo Xénero: Música de cámara

PROGRAMA: *Impresión nocturna* (A. Gaos); *Serenata para orquestra de cordas* (J. Bal y Gay); *Serenata para instrumentos de corda* (M. del Adalid); *Preludio-Canción (para orquestra de corda)* (A. Garaizábal); *Suite ao xeito antigo* (A. Gaos).

+info. en: <http://www.mijailmoriatov.4mg.com>



O XUÍZO DA ADÚLTERA FILIPA
Decamerón e Cía

Elenco: Charo Pita (canto e conto), María Giménez (canto e percusión), Xurxo Varela (canto e viola de gamba), Valentín Novio (vihuela) / Xénero: Música de cámara

Espectáculo músico-teatal en que se conxuran historias do *Decamerón* de Boccaccio sen outra escena que a harmonía do Trecento italiano, con relatos escollidos do Conde Lucanor xurdindo desde unha paisaxe pintada pola voz, a *vihuela* e a viola de gamba. Decamerón & Cía intenta revivir outras épocas en que as melodías e a voz enchían de imaxes as mentes dos homes.



CONCERTO DE VENTO METAL
Quinteto de Vento Metal Santa Cecilia

Dirección: Miguel Brotóns / Elenco: Dúas trompetas, trompa, trombón e tuba / Xénero: Música de cámara

O quinteto interpreta pezas de diversos autores de música desde a época barroca ata temas do século XX. É un dos grupos máis antigos de Galicia.

TRÍO DE VIOLÍN, TROMPA E PIANO
Trío de Violín, Trompa e Piano

Elenco: Alicia González Permuy, José Vicente Castelló e Helena Satué Cuixart / Xénero: Música de cámara

A pesar da súa curta existencia —o trío formouse en xaneiro de 2007—, xa realizou concertos en importantes escenarios, destacando a súa participación na IV edición do ciclo de conferencias-concerto que tivo lugar no auditorio da sede da Fundación Caja Madrid en Barcelona.



“EAMUS VIDERE...”, O CICLO DA SEMANA
SANTA A TRAVÉS DA MÚSICA ANTIGA
Grupo de Música Antiga 1500

Dirección: Andrés Díaz Pazos / Elenco: María Giménez (canto e percusión), Belén Bermejo (canto, arpa, organetto), Pablo Mato (canto), José Ignacio Castro (sacabuxa e frautas), Víctor Blanco (guitarras renacentista e barroca, arpa, percusión), Andrés Díaz (frautas, *vihuela*, chirimía, guitarra renacentista e arpa) Xénero: Música de cámara

Combínanse as *Cantigas de Santa María* e do Arquivo da Catedral de Santiago con algúns exemplos dos máis importantes cancioneiros peninsulares dos séculos XV e XVI, nun percorrido desde o Entroido ata a Resurrección. Case todas elas son representativas do teatro litúrxico medieval ou seguen o seu estilo “didáctico”, como é o caso do *Eamus Videre...* e das *Cantigas*.



MÚSICA DO VENTO
Intermission Dúo de Percusión

Autor: Ignacio Sanz Santás / Dirección: Ignacio Sanz Santás / Xénero: Teatro adultos/Musical

Composta polo galego Ignacio Sanz, a obra aposta maioritariamente por composicións propias e de autores achegados. A combinación de recitado de textos con música electrónica pregravada e a utilización de instrumentos de percusión reciclados son as características comúns das pezas que compoñen este programa. En *Música do vento*, peza chave deste espectáculo, combínanse os sons creados polos aeroxeradores do Parque Eólico de Sotavento con instrumentos de percusión non convencionais, facendo que esta sexa unha obra única no seu xénero.

+info. en: <http://www.myspace.com/intermissionduo>

PROGRAMACIÓN

xaneiro-xuño 2008

Teatro de actor
Teatro de monicreques
Danza
Música de cámara
Maxia



30 formacións artísticas
34 espectáculos
99 funcións

SALA NASA. SANTIAGO DE COMPOSTELA
TEATRO ARTE LIVRE. VIGO
TEATRO ENSALLE. VIGO
TEATRO DEL ANDAMIO. A CORUÑA

128 formacións artísticas | 143 espectáculos | 695 funcións

ARTEIXO
BETANZOS
CARBALLO
CEE
A CORUÑA
A CORUÑA. TEATRO COLÓN
CULLEREDO
OLEIROS
SADA

CEDEIRA
FERROL
NARÓN
ORTIGUEIRA
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ
SAN SADURNIÑO

AMES
BOIRO
A ESTRADA
LALÍN
MUROS
NOIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

BURELA
FOZ
LUGO
MONDOÑEDO
MONFORTE DE LEMOS
RIBADEO
VILALBA
VIVEIRO

O BARCO DE VALDEORRAS
O CARBALLIÑO
OURENSE
OURENSE. TEATRO PRINCIPAL
RIBADAVIA

CANGAS
PONTEAREAS
REDONDELA
TUI
VIGO
VIGO. CAIXANOVA

CAMBADOS
PONTEVEDRA
SANXENXO
VILAGARCÍA DE AROUSA



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM

instituto galego
das artes escénicas
e musicais